

ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 26 DE NOVEMBRO DE 2015. ANEXO DE INTERVENCIONS E DEBATE

Na Casa do Concello de Silleda, ás once horas do día vinte e seis e novembro do ano dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández, (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. Ana Luísa González Costa, (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)

D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D^a. M^a José Fernández Rodríguez, (PSdeG-PSOE)

D^a. Aída Castro Caramés, (PSdeG-PSOE)

D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)

D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)

D. José Antonio Ramos Dobarro, (PP)

D^a. M^a del Carmen Folla González, (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: Natalia Iglesias Mendez

INTERVENTOR:

D. Daniel Rodríguez

SECRETARIO XERAL:

D. Manuel Quintáns Queiruga, que fai constar que esta Acta se divide en 2 partes, a dispositiva, cos acordos, e a parte deliberativa, coas intervencións xunto cun Anexo co Prego de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Non asiste:

Declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A.- PARTE DISPOSITIVA

1º - ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES, (Do 24-09-2015)

Pregunta o Alcalde se é necesaria algunha aclaración.

Intervén o voceiro do PP, para facer un pequena aclaración na votación do punto 5 da acta, referente ó SAF. Onde pon que queda aprobada con 7 votos do PSOE, 5 do BNG, e 1 do PP, debería poñer 7 votos do PSOE, 5 do PP, e 1 do BNG.

O Alcalde dí que o erro será corrixido.

O portavoz do BNG transmite que tiña algo que comentar, pero que como esta vez sí se reflectiu en dita acta unha transcripción literal, que o vai deixar pasar.

2º - ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO.

Toma a palabra o Alcalde para comentar o resultado do procedemento de adxudicación do servizo, trala aprobación dos pregos do pasado pleno.

Vistas as ofertas que se presentaron, a mesa de contratación pasou ó pleno para aprobar o servizo coa seguinte puntuación:

- Serinter: 94 puntos
- Forserge, S.L.: 78 puntos
- Pedrosa y Rojas, S.L.: 75,5 puntos
- Idades, S.L.: 73 puntos
- Acheга Atención Domiciliaria, S.L.: 71 puntos
- Ulla Sar, S.L.: 66 puntos
- Crono Servicios Sociales, S.L.: 63,5 puntos

A mesa de adxudicación propón ó pleno que se adxudique o servizo a Serinter, empresa con maior puntuación.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

VOCEIRO PP

Aclara que segundo xa ten dito en varios plenos, o seu grupo non está de acordo coa externalización do servizo, que cren que se debería facer segundo unha fórmula mixta,

pero que isto é algo que xa foi debatido. Tamén comprobaron no prego das cláusulas que se valora cun 70% o tema económico e cun 30% o técnico. Consideran que algunhas das empresas están moi mal valoradas no tema técnico, e esperan que se faga unha comisión de seguimento dende o goberno, para que iso non redunde na calidade do servizo, tanto para os usuarios, coma para os traballadores da empresa, xa que nesta legislatura tiveron algún problema coa empresa na que estaban.

VOCEIRO BNG

Di que dende o seu grupo xa teñen comentado que ofrecen varias alternativas para este servizo. Unha delas, no seu entender a máis lóxica, era a de regularizar o que xa estaba privatizado e manter como público o que xa había no Concello, que sería un 5 ou 10% do servizo.

Que o que se fai desta maneira é primar unha privatización. As empresas gañan cartos comercializando coa saúde das persoas ou coa dependencia, igual que se vendesen material. E o tratamento dunha empresa ós traballadores é igual nunha empresa de servizos que nunha de construción. E iso primase por parte das Administracións Públicas cando se decide privatizar un servizo coma este.

Como o que pedían de regularizar unha situación irregular e deixar a cuestión pública como estaba non se fixo, estarán en contra diso.

SR. ALCALDE

En resposta as cuestións do PP e do BNG, alega que nas puntuacións técnicas non debería facer falla mención. Que as fixo a asistente social do Concello, e que as diferenzas nas puntuacións son mínimas; na calidade do servizo, vendo unha por unha, a puntuación é a mesma. As diferenzas que hai son no protocolo de inicio, xa que pode haber unhas empresas ás que lle custe un pouco máis poñer en marcha o servizo, e a outras, coma a que levou a maior puntuación, que é a que estaba levando o servizo ata agora, loxicamente poñer en marcha o servizo non lle custará tanto, porque xa o está prestando actualmente.

En coordinación e calidade levan todas a mesma diferenza. Hai 10 puntos de diferenza entre a que menos obtén e a que máis obtén.

Engade que o resto das cuestións xa se debateron o seu día, cando se decidiu externalizar o servizo. En aquel momento podía haber dúbidas, agora que hai máis datos, as únicas dúbidas que poden xurdir son as do cambio da empresa, que serán profesionais, igual que o foron os outros, prestando os seus servizos, que foi un acerto, recoñecido pola cantidade de usuarios que pasaron polo despacho de alcaldía e que, mesmo pola rúa, mostraron o seu agrado e o seu agradecemento á empresa que deixa de prestar o servizo. Non houbo un so usuario que dese unha soa queixa, pero sí que houbo moitos que se molestaron en vir a alcaldía para que se lle transmitan as grazas á

empresa saínte, e para deixar ver o excelentemente tratados que foron. Isto deixa unha tranquilidade, ó saber que se acertou na atención, e tamén economicamente.

VOCEIRO PP

O voceiro do PP dí que eles non discrepan de quen levou a cabo as valoracións, que os usuarios estarán moi contentos, pero que saben que os traballadores tiveron moitas discrepancias, e incluso teñen aberto un procedemento xudicial.

SR. ALCALDE

O Alcalde responde que, de 17 ou 18 traballadores que ten a empresa, hai 3 que teñen un contencioso contra ela, pero que o resto están igual de satisfeitos cos usuarios.

VOCEIRO PP

Alega que uns traballadores son municipais, e outros son da empresa.

SR. ALCALDE

Dí que en definitiva, son traballadores. E que sería para reflexionar, á hora de ver por qué hai que externalizar eses servizos.

Pregunta se hai algunha puntualización máis.

VOCEIRO BNG

Pregunta a ver de onde se saca que é máis barato. Que esa cuestión non apareceu en ningún lado.

SR. ALCALDE

Responde que iso se debateu claramente cando se fixo o debate da externalización, fai un ano. Que ó mellor se esqueceu.

VOCEIRO BNG

Di que se lembra perfectamente do debate, e de que houbo un pleno extraordinario, que o goberno estaba en minoría, e que se propuxo paralizar iso, e non se paralizou. Por tanto que o Alcalde pasa por riba da lei, da democracia, e de todo.

Que non se pode vir de avogado das empresas privadas. Que, como Alcalde de Silleda, é valedor dos servizos públicos do Concello. Outra cousa é que, pola ideoloxía que ten, capitalista e neo-liberal, acabe defendendo que fai as políticas da dereita máis rancia.

SR. ALCALDE

Aclara que é Alcalde de Silleda, sen dúbida, cos votos dos silledenses. E que para facer a política da dereita máis rancia, no punto a tratar cre que a dereita vai votar o mesmo co voceiro do BNG.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: 11 votos a favor, (PSOE + PP), 1 voto en contra, (BNG).

3º - APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, E CONVOCATORIA DA LICITACIÓN PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

O Alcalde toma a palabra, despois de entregar á corporación da copia do estudio do servizo, para dicir que todo continuará nas mesmas condicións, salvo que se mellorará substancialmente a recollida de lixo do contedor amarelo no rural, co cal se implantará a reciclaxe no rural.

Nos núcleos de Silleda e Bandeira a recollida seguirá sendo por carga lateral, de luns a sábado, excepto festivos. No rural recollerase un día á semana, excepto en xullo e agosto, que se fará dous días á semana, para que non de problemas de cheiros.

A recollida selectiva será de unha vez á semana en Silleda e Bandeira, agás no verán, que se recollerá tódolos días, e cada 15 días no rural.

O estudio reflexa o custe do material mínimo que se precisaría para poñer en marcha o servizo. Entre outras cousas faría falla un camiión de carga traseira, (aínda que a empresa ten dous, un máis grande e outro máis pequeno), e outro camiión de carga lateral. Os prezos están pedidos a unha empresa que os pode subministrar, pero en caso de compralos habería que sacar un concurso.

Tamén está o importe dos colectores, tanto verdes, como amarelos, de carga lateral. Os que hai agora son da empresa que está prestando o servizo nestes momentos, co cal a empresa que o colla de novo, terá que repoñer eses colectores. E os colectores amarelos de carga traseira, que farán falla para poñer en marcha o servizo de recollida selectiva no rural. O Concello ten algúns que se aproveitarán, pero se estima que farán falla uns 60 máis.

Todo isto sería unha inversión de 490.800,00€ que, descontándoa en 10 anos, correspondería a 4.090,00€ de amortización mensual sen intereses. Os gastos de persoal ascenderían a 6.400,00€ para as 4 persoas que farían falla. Tamén se estima un custe de combustible mensual de 3.500,00€ ao mes, e uns gastos de mantemento de 1.800,00€.

Este estudio fíxose con interese de municipalizar algún servizo, se este é rendible, e tirando moito polo baixo, porque a cantidade para mantemento pode ser viable durante os primeiros anos, mentres que os vehículos son novos, pero a partires do cuarto ano, quedaríase curta.

Todo isto sen contemplar os custes de cubrir vacacións, de limpeza de colectores, que habería que contratalo externamente ou lavalos á man.

O importe total sería de 15.790,00€. Tendo en conta que o servizo agora ten un custe de 14.076,00€ máis IVE, (15.784,00€), e facendo unha amortización do material a 10 anos, aínda sairía o servizo máis caro do que está a saír agora. E tamén, como se dixo nas comisións informativas, ningún deste material tería vida máis alá de 10 anos.

Nos pregos consta que a empresa que colla o servizo se terá que facer cargo da reposición ou arranxo dos colectores que rompan, para que non pase o que viña pasando estes anos atrás, cando non se podía prestar o servizo por falta de colectores. E tamén que obrigatoriamente, a empresa deberá acudir cos elementos necesarios, (tanto material, como recollidas extras), aos eventos especiais que teñan lugar no concello, como festas gastronómicas, etc.

Tamén hai cláusulas de control, con sancións para a empresa en caso de incumprimento.

Os pregos están moi ben redactados á hora de asegurar que o servizo estea ben prestado. O que máis se puntúa é a proposta económica, con 61 puntos, e a proposta técnica, con 39 puntos, co cal o que vai primar é que as empresas fagan unha oferta económica o máis baixa posible, dado que os pregos son moi garantistas de que o servizo se vai a prestar nas condicións que en eles se estipulan. Ademais de que teñen ferramentas para reclamar á concesionaria se non se cumpre.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

VOCEIRO PP

Di que no seu grupo de acordo en sacar o servizo a licitación, xa que estaba caducado, prorrogado, e en situación irregular, e que tamén coinciden en que non pode ser municipal, porque o gasto non é asumible. No que non coinciden é en algunhas cláusulas dos pregos. Non se pode reducir a recollida no rural a un día, cando hai moitas queixas de que son necesarios dous días. Tamén consideran que houbo deixadez por parte do goberno en cómo se estaba prestando o servizo, xa que aínda que se quedara en facer a recollida dous días no rural, estase a facer un so día, quedouse en facer limpeza de colectores dúas veces ó ano, e non se está facendo.

Con atención ós prezos, se agora a recollida se reduce a un día no rural, as empresas terán que baixar tamén moitísimo os prezos. Porque se o que se saca agora, é coma a

licitación que estaba feita, e se facía en dous días á semana, agora con un só día, terían que baixar moitísimo. Ou modificar a ordenanza fiscal para o rural.

Tamén teñen queixas por parte dos empresarios do polígono, que din que están pagando moitísimo, e só teñen recollida tamén, un día á semana.

Cren que se podía haber licitado o concurso de outra maneira, primando a cantidade de colectores, a proximidade de estes ás casas, que a empresa poida limpar marquesiñas, retirar vertedoiros incontrolados ...

E nos criterios de adxudicación tampouco están de acordo. Lamentan que solo prime a proposta económica e a proposta técnica, e cren que se podería puntuar de outra maneira: os medios materiais do servizo, a solvencia técnica, económica, e financeira das empresas, as melloras para a prestación do servizo. Non se tivo en conta que, xa que a empresa vai obter unha cantidade importante de diñeiro, patrocine ó deporte base. E primar a oferta económica, e tamén os medios humanos.

Tamén cren necesario nomear unha comisión de seguimento e vixilancia, ben definida, dende onde se comprobe que non se cometen os erros nomeados anteriormente.

VOCEIRO BNG

Expresa parabéns ó goberno por facer o estudio e di que hai que mirar a viabilidade da municipalización dos servizos públicos, sobre todo cando son servizos básicos para a poboación. Sen embargo considera que hai unha variable sen analizar por falta de convencemento na capacidade de xestionar os servizos públicos. Dubida que o Alcalde teña interese que isto se xestione dende o Concello, porque da máis crebadeiros de cabeza, así que cre que o estudio se fixo por facer as contas, ter un contraste, e por quedar ben, sobre todo ante o BNG.

Di que, con ánimo construtivo, o estudio sería máis proveitoso, se se chamara á oposición, e mediante unha comisión de traballo, se levasen propostas, e cuestións analizadas.

Considera que falta unha cousa, que abarataría o servizo, que é a posibilidade de mancomunalo. Canto máis pequenos e dispersos sexan os Concellos máis caro sae o servizo. No Concello de Vila de Cruces están exactamente na mesma situación, co que se podería ter mancomunado este servizo. Sumaríanse 6.000 usuarios máis, convertendo isto na recollida de lixo dun concello mediano, e por tanto xa sería máis factible; por non falar do que podería ser a utilización da Mancomunidade do Deza, aínda que é certo que na Mancomunidade non todos están agora mesmo na mesma situación, así que uns poden ter o servizo privatizado, poden ter compromisos, ou non. Pero en Vila de Cruces si.

Así que cren que iso se debe facer, e piden por favor que se faga un estudio conxunto co alcalde de Vila de Cruces.

Este concello leva 8 anos co servizo irregular, ou ilegal, así que hai que miralo, porque se cadra podemos ter un servizo máis barato e mellor.

En canto ó prego, ven ben que haxa reciclaxe no rural, asumindo que iso ten un prezo, e que ó mellor habería que optar por centralizar un ou dous lugares por parroquia. Había, (e aínda hai), unha discriminación no rural. Non se poden pagar as mesmas taxas e ter menos servizo porque este lles saia máis caro. Terán que ter o mesmo servizo.

Demandan tamén a comprobación de casas deshabitadas, que non utilizan o servizo, e que non deberían pagalo. O que a use unha vez ó ano, que o pague.

En canto á periodicidade da recollida, no inverno no rural non habería problema con facer a recollida unha vez á semana, o problema ven no verán coa cuestión dos cheiros. Tendo ben calculadas as necesidades de cada núcleo rural, iso non debería ter problema.

Piden o estudio de mancomunidade, ó consideralo proveitoso para o Concello de Silleda.

A cuestión de que se precisen 10 anos para a amortización do servizo consideran que é discutible. Hai que mirar tódalas posibilidades de abaratalo e, cando os servizos poidan ser municipais, deberían ser municipais, xa que consideran que “cando podo ser dono do que eu pago, mellor”. E para conseguir iso hai que asegurar que os servizos sexan públicos, sobre todo os servizos básicos.

SR. ALCALDE

En resposta ao Partido Popular di que, como Goberno e Corporación, se vai tentar que o servizo se preste nas mellores condicións, co importe económico máis axeitado.

Non é o mesmo ter ou non ter recollida selectiva no rural. Non é o mesmo ter déficit de colectores, coma ata agora, que ter os colectores suficientes. Incluso se poñerán de reforzo onde se vexa preciso. Na maior parte do rural non se enche o colector nunha semana, co cal o que non se pode é desperdiciar recursos. Pódese recoller no rural tódolos días, pero quen vai pagar iso son os veciños de Silleda. Hai que ter unha correlación de custe - servizo, e ser razoables.

Non se vai a reducir o custe do servizo por recoller un día no rural, porque a recollida selectiva ten un custe.

A modificación da ordenanza fiscal para o rural é un asunto debatido xa moitas veces. Está claro que se non se prestan certos servizos, sería un agravio. En este caso, así se

tentou, por iso se vai implantar a recollida selectiva. Préstase o mesmo servizo no rural ca nos cascos urbanos, dende o punto de vista que o veciño do rural ten o colector á súa disposición para botar o lixo igual ca nos cascos urbanos.

O servizo é o mesmo, onde ten un maior custe é no rural, pero non por iso é peor. Non xera os mesmos cheiros un colector con dúas bolsas, ca un colector de 2.500 litros cheo de lixo, así que se se recolle dúas veces á semana durante os meses de verán, o servizo está garantido en igualdade de condicións. Modificar a ordenanza non cabe.

Con respecto ós empresarios, estes están recibindo o mesmo trato ca calquera outro empresario de calquera outro polígono. Teñen as taxas que ten calquera outro empresario de calquera outro concello, en relación coas taxas domésticas. Este concello non é dos máis caros, nin dos máis baratos. É dos máis realistas. Téntase que o que se cobra cubra o servizo, e tentaranse poñer tódalas fórmulas necesarias para abaratar o servizo, entre elas sacar este concurso cuns pregos axeitados.

Estance a estudar moitas formas de reciclar, que vaian abaratar o servizo, e está claro que, en canto se vaia abaratando o servizo, ese diñeiro se verá reflectido nas taxas, que se irán abaratando, segundo se abarate o custe do servizo.

En canto o de que se podían haber pedido tamén limpeza de marquesiñas, vertedoiros incontrolados, opina que se podería sacar tamén limpeza das rúas, punto limpo, etc., pero o que se pretende é que se preste o mellor servizo da forma máis eficiente economicamente falando. Se todo isto se mete nos pregos, incrementaría notablemente o custe.

Cree que dicir que “xa que a empresa vai obter unha cantidade importante de diñeiro, debería patrocinar o deporte base”, non é correcto. Nunca hai unha importante cantidade de diñeiro nun servizo; un servizo custa o que custa facelo. As ofertas que se presenten virán polo que lles vaia a custar facelo. Porque senón estaríase adxudicando un servizo por unha cantidade alzada para que despois nos dean outras prebendas. Se despois, como empresa que presta un servizo en Silleda, ou como empresa privada, coma outras, quere colaborar con algunha institución benéfica, cultural, ou deportiva deste concello, benvido sexa.

En resposta ó BNG, o estudio non se fixo para quedar ben hoxe aquí, senón para ver se era rendible externalizar o servizo. Fíxose con toda a intención de que se fose máis rendible levalo dende o Concello, se levaría. De feito, miráronse tódalas posibilidades da caixa de anticipos da Deputación, por iso no estudio non se contemplan intereses, porque senón xa sería case inviable.

E con respecto o de que sempre é mellor ser dono do que un paga, e coñecendo un pouco cómo se traballa no sector do transporte, di que tódalas empresas están externalizando o servizo porque teñen os seus estudos feitos, e saben que lles sae máis barato.

En canto ó da amortización a 10 anos, se isto fora un servizo onde a inversión durase 100 ou 200 anos, sería rendible, pero trátase dunha inversión onde, ó pasar os 10 anos, probablemente habería que volver a facela.

Con referencia ó tema das casas deshabitadas, estase a intentar facer o posible, porque en tempos de crise hai que ter un pouco de sensibilidade, pero hai que facer o posible cumprindo as leis, e as leis din que quen ten que pagar o servizo é o preceptor do mesmo, úseo ou non o use. Sen embargo, estase a certificar todas aquelas vivendas que non dispoñen de luz e auga, que é a maneira de demostrar que están deshabitadas, para intentar eximilas do pago do servizo. Unha casa que ten datos de alta os servizos de luz e auga, e que pode ser habitada en calquera momento, o concello non dispón de medios para inspeccionar se a vivenda se habita, ou non se habita, e teñen que pagar o servizo, porque poden acceder a él en calquera momento.

VOCEIRO PP

Recrimínalle ó Alcalde que non lle oíu dicir nada de que ata o de agora se estaba incumprindo o contrato, xa que a recollida no rural tiña que ser de dous días á semana, e estaba sendo de so un, e que tampouco se estaba levando a cabo a limpeza de colectores. E con respecto ó tema do polígono, considera que, estando pegado ó casco urbano, é pagando unhas taxas bastante altas, o normal sería que tiveran máis de un día de recollida á semana.

No rural, seguen pensando que se lles acurta o servizo, ó pasar de dous días de recollida a un.

E no tema dos patrocinios a escolas municipais, ou a algún evento deportivo ou cultural, ou a idea da limpeza de marquesiñas ou de vertedoiros incontrolados, se o Alcalde considera que son medidas que él non quere recoller ..., pero que esas empresas teñen partidas dedicadas a tal fin que, se non veñen para aquí, irán para outros concellos. Deberían ser cousas a poñer nos pregos, despois que o fagan ou non xa é cousa deles. O que non chora, non mama.

VOCEIRO BNG

Quere expor dúas cuestións. Unha que o servizo aínda se pode abaratar en anos sucesivos pola cuestión da reciclaxe e da compostaxe, e iso habería que telo en conta e reflectilo nas taxas, porque o traballo que se está a dinamizar dende a Deputación para que se promova ademais dende os concellos, coa concienciación da sociedade, ó reducir o lixo, dalgún xeito debería incidir nas toneladas de lixo que se recollen, e polo tanto abaratar o custo e o que pague cada cidadán. Isto leva consigo outras posibilidades, como pode ser a recollida porta a porta, que poderían abaratar moito o servizo, e non sabe se se lles botou contas á hora de barallar as cifras do custo real do mesmo.

E outra, o que restaba por responder da cuestión que fixeron sobre mancomunar o servizo.

SR. ALCALDE

En resposta ó PP, os patrocinios está claro que se chorarán, pero o que non se pode facer é metelos nos pregos, porque todo o que se meta nos pregos non vai ser regalado, senón que vai ser cuantificado pola empresa á hora de presentar a súa oferta.

Outra cousa é que os pregos levan máis ferramentas de control á hora de controlar e poder sancionar á empresa se non cumpre, e sobre todo, tamén teñen un tempo máis amplo, posto que son catro anos, e este tipo de tarefas non se poden facer anualmente, así que se farán por catro anos para que os que veñan despois poidan tomar decisións políticas. Se se fan por un ano non da marxe a facer moito control sobre ela.

En resposta á proposta do BNG, de mancomunar o servizo, di que sí que é certo que houbo e segue habendo moitas conversas. Onte mesmo houbo unha xunta de goberno da constitución da Mancomunidade onde se acordaron cambios moi importantes e de moito calado. Debateuse este asunto, e máis que con estes dous concellos, con tempo e cando se acaben estes concursos, poder facelo en toda a comarca do Deza, e que entre Lalín, para abaratar o servizo.

En canto ó tema da compostaxe, comenta que se están facendo probas que están funcionando ben. Todas as actuacións que permitan que baixe o custe do servizo repercutirán no recibo dos veciños. Que hai que seguir tirando por aí, pero que de momento non hai previsión de que isto se vaia a notar para o ano que ven, porque está todo en fase experimental. O que sí se pode facer ó final de ano é, se hai datos de cómo foron os experimentos, é contemplar unha rebaixa nos recibos, pensando que xa se vai incrementar o tema do compostaxe. E aí é cando se poderá modificar a ordenanza fiscal.

VOCEIRO BNG

Pregunta se se chegou a falar algo co Concello de Vila de Cruces.

SR. ALCALDE

Responde que sí, que falaron entre os dous alcaldes, e que están de acordo en introducilo coma a Mancomunidade Terras do Deza completa. Despois de falalo entre todos os alcaldes, a idea é que se una toda a Comarca do Deza en ese punto, pero estes son cambios que non se poden facer dun día para o outro.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: 7 votos a favor, (PSOE), 4 votos en contra, (PP), e 1 abstención, (BNG).

4º - APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O 2016.

Toma a palabra o Alcalde, para facer un pequeno repaso do orzamento, tanto nas partidas de ingresos, coma nas de gastos, obviando comentar, de momento, todos os informes técnicos, que están favorables, non sendo que haxa algunha dúbida.

Empezando no apartado de ingresos, pódese comprobar que é un orzamento equilibrado, que conta con 6.963.169,22€, a mesma cantidade que en gastos, o que o converte no maior orzamento da historia de Silleda.

A pesar de ser tentadora a cifra dos 7 millóns de euros, e sendo posible chegar a el sen incorrer en ilegalidade ningunha, non se fixo por responsabilidade, a mesma que se tivo nos anteriores orzamentos, e para que así a fin de ano, as contas de resultados acaben demostrando que son uns orzamentos realistas.

Non se modificou ningunha taxa, e tódalas taxas de recadación están calculadas ó 90%, para ter unha previsión dun 10%, para que sexan realistas, aínda que a lei permita calculalas ó 100%, e así xa se pasaría dos 7 millóns de euros, pero decidiuse facer o mesmo ca o ano pasado.

Pasa a ler o orzamento por capítulos.

No capítulo de ingresos:

- Impostos directos: 1.788.183,98€
- Impostos indirectos: 60.000,00€
- Taxas e outros ingresos: 1.484.360,61€
- Transferencias correntes: 2.764.827,78€
- Ingresos patrimoniais: 300,00€
- Transferencias de capital: 861.496,65€
- Activos financeiros: 4.000,00€

A suba máis importante en este orzamento, con respecto ó do ano pasado está en que xa se coñece os datos do que lle corresponde ó Concello no Plan de Obras e Servizos da Deputación, que son algo máis de 200.000,00€ máis que o pasado ano, e tamén que se incorporou ó orzamento por primeira vez, a doazón dos 200.000,00€ para o centro

residencial. Isto é o que fai que o orzamento sexa amplamente máis grande ca o do ano pasado, aínda que o do ano pasado xa foi o orzamento máis alto da historia do Concello. Espera que máis alá das discrepancias que é normal que existan en algunhas das partidas, se recoñeza que é a primeira vez que se aproba un orzamento en tempo e forma, non só dentro do ano, senón con tempo suficiente para que saia publicado e poida entrar en vigor xusto ó comezo do exercicio, que é algo que nunca se fixo neste Concello.

No capítulo de gastos:

- **Gastos de persoal:** 2.015.000,00€, contempla a subida salarial do 1% que marca a lei para os funcionarios para o próximo ano, 45.000,00€ que faltan por abonar das pagas extraordinarias que foron retiradas ós funcionarios no ano 2012, e 80.000,00€ para posibles plans de emprego.
- **Servizos correntes:** fóronse axustando segundo se comprobaron cómo se foron desenrolando as dos anos anteriores. Este ano como hai máis capacidade orzamentaria, e hai algunhas partidas que se consideran esenciais para os veciños.
 - o Urbanismo: 120.000,00, permitirá manter en boas condicións os cascos urbanos.

O equipo de goberno está moi contento con estes orzamentos porque xa non se pagan débedas e pódese facer algo de política. É un orzamento con máis de 1 millón de euros en políticas sociais. Algo para sentirse satisfeitos.

- o Emerxencia social: 30.000,00€
- o Outros gastos diversos: 46.500,00€, para materias de igualdade, drogodependencia, axudas a enfermos con demencia, Partida que vai permitir ás persoas máis vulnerables, e que máis o precisen, do noso concello.
- o Canguraxe: 40.000,00€
- o Actividades culturais: 95.000,00€
- o Elaboración do mapa agrario municipal: 14.000,00€
- o Reparación, mantemento, e conservación de camiños: 120.000,00€
- o Gastos xurídicos e pagos de sentenzas: 150.000,00€, que irá destinada case na súa totalidade, a pagar os intereses da débeda que existe con Indeza, que son 528.000,00€, fraccionados en catro pagos, e tamén ó

pago dos intereses da sentenza de herdeiros de familia Lázara, 60.000,00€, que se prevé pagalos en tres anos.

- Subvencións a asociacións culturais: 45.000,00€
- Subvencións a asociacións deportivas: 30.000,00€
- Axuda a emprendedores: 25.000,00€. Antes do próximo pleno, crearase unha xunta de traballo con tódolos grupos, para perfilar un novo regulamento nesta axuda, no que todos poidan aportar as súas ideas, e que se presentará no pleno de xaneiro. Esta partida é orientativa, unha vez feito o regulamento se comprobará se hai que ampliála ou non.
- Fondo de continxencia: 80.000,00€, para imprevistos que poidan aparecer, ou complementar partidas insuficientes.

- **Investimentos reais**: 1.416.000,00€

- Centro de Día Residencial: 450.000,00€, ós que se lle engadirán os 250.000,00€ dos orzamentos do ano 2015, que non dou tempo a executalos, co cal a partida total para este centro será de 700.000,00€. Está a previsión feita de que se necesitarán aproximadamente 300.000,00€ máis para rematar o centro, así que para o ano que ven haberá que consignar esa cantidade.

Esta é unha inversión histórica para o Concello que, aínda que se está presupostando integramente con diñeiro municipal e con achegas particulares, vaise a seguir loitando para que outras administracións axuden, e poñan algo de capital nesta obra.

- Mellora dos camiños municipais: 300.000,00€, igual que se aumentou a partida para arranxar as pistas, esta inversión vai destinada ó cambio completo do firme das pistas que o precisen, e en aglomerar camiños novos, para ir mellorando a rede viaria. Este é un servizo básico que ten que haber no rural.
- Construción de sendas ata O Castro: 150.000,00€, petición importantísima tanto polos veciños de O Castro, coma polos de Silleda, tanto por seguridade, como polo servizo que a senda vai dar. Vaise intentar que sexa senda peonil e senda para bicicletas, ata as beirarrúas de O Castro.
- Rúa en Bandeira: 150.000,00€, a rúa máis solicitada por todo o pobo, e a rúa Lourás, por seguridade, xa que da acceso ó campo de fútbol e ó auditorio, e está moi frecuentada por nenos. No obstante, ó non estar

dentro do casco urbano, alí non se poderá facer unha rúa ó uso, porque a lexislación non o permite, así que haberá que estudar qué tipo de actuación se pode facer, tipo senda peonil, mellorando a iluminación. Será algo a estudar. Despois dos estudos, e tamén escoitando ós veciños, se decidirá. Esta só é unha das rúas que son pedidas pola cidadanía dentro do núcleo da Bandeira, así que se decidirá tendo en conta todas as posibilidades.

- Adquisición dunha furgoneta: 10.000,00€. Dende o 2007 levase cambiando os vehículos do concello case na súa totalidade. O que se leva invertido recuperouse todo en gastos de reparacións.
- Mellora da iluminación pública e eficiencia enerxética: 110.000,00€, o ano, e os estudos que se están a realizar, dirán ónde se vai a investir esta partida. A iluminación da entrada e do centro de Silleda da bos resultados a nivel lumínico, e estase a estudar o resultado económico. A partir de aí decidirase ónde se vai a investir esa partida.
- Abastecemento de augas: 100.000,00€, unha das cousas nas que leva traballando o goberno dende que entrou, e tamén unha das cousas que máis piden no rural. En Silleda ampliouse moitísimo a rede de abastecemento, en todo o seu radio, e en Bandeira ampliouse a toda a parroquia de San Tirso de Manduas. Agora son os técnicos os que están a estudar por ónde teñen que seguir, seguindo unha orde sobre a rede que xa hai, e onde sexa máis necesario.
- Adquisición de unha máquina varredora: 20.000,00€. Ten un custe de 60.000,00€, e adquirírase, mediante concurso público, nun período de tres anos. Para iso, acudírase á caixa de anticipos da Deputación o ano que ven.
- Cerre das pistas de pádel: 35.000,00€. Fíxose unha inversión importante para cubrilas, e para facer a estrutura necesaria para poder cerralas, co cal agora so será o custe do cerre. É algo demandado polos afeccionados a este deporte e tamén unha inversión para manter as instalacións.
- Sinalización e creación dun aparcadoiro na Fervenza do Toxa: 16.000,00€. Séguese a apostar pola Fervenza do Toxa e por Carboeiro, ó igual que este ano que, aínda que non ía nos orzamentos, sí que se conseguiu algunha subvención, e tamén que viñese Patrimonio e se dese conta de que en Carboeiro se precisaba unha inversión moi grande, e existe tamén o compromiso do Conselleiro de Cultura de que se vai a facer unha inversión grande no Mosteiro.

- Adquisición de programa informático para recursos humanos no Concello: 5.000,00€

- **Activos financeiros**

- Anticipos de persoal: 12.000,00€, para aquel traballador que se atope en algunha dificultade, podelo axudar dándolle un anticipo a pagar en dous anos.
- Amortización de préstamos a longo prazo: 224.000,00€, que é a amortización da débeda. En canto ó tema da débeda cabe dicir que ó amortizar débeda todos os anos, e non xerar débeda nova, o Concello vai mellorando no seu endebedamento cada vez máis. Os gastos de pago de débeda este ano van a ser menos, ó reducirse os intereses tanto do préstamo ICO avalado polo plan de axuste do Goberno, coma dos outros préstamos, onde se fixo unha nova negociación con Abanca, na cal se reduciron os intereses nunha porcentaxe importante.

A débeda bancaria a longo prazo a día de hoxe é de 2.648.913,50€, e con entes públicos é de 323.226,37€. Estas últimas son as devolucións das participacións do Estado, sobre todo dos anos 2009 e 2010, onde os anticipos a conta que fixo o Estado foron superiores ó resultado que despois obtivo, e son as devolucións que o propio Estado decretou que se fixeran en 12 anos.

Isto da unha débeda total con entes públicos de 2.972.139,87€, que sumados á operación de tesourería que hai aberta, de 420.000,00€, que foi a que se pediu no seu día para os pagos a Indeza, que se está amortizando a 60.000,00€ por ano, sumado todo iso, nos da unha débeda total do Concello de 3.392.139,87€. Isto quere dicir que estamos nunha porcentaxe de débeda, con respecto ós orzamentos, dun 47,45%, o cal, nunca é satisfactorio, pero é certo que este é unha porcentaxe de endebedamento asumible, e que baixa ano tras ano.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

VOCEIRO PP

Toma a palabra D. Ignacio Maril, e agradece o esforzo do Concello por intentar ter as contas o antes posible e que se poidan aprobar en prazo. Tamén di que lles houbera gustado ter máis tempo para estudar os orzamentos, así como que se mantivese o formato dos mesmos, para facilitar o traballo dos partidos.

Cre que hai determinadas cuestións que se plasman con lixeireza, como por exemplo, na no punto 4º da memoria do anteproxecto, de outras disposicións, en canto á

reclamación de Espina y Delfín polo incremento do IPC, que simplemente se limita a dicir que non se vai a atender no momento no que se expoña, e polo que sabe o seu grupo, cando houbo as conversas na mesa da auga, se recoñeceu unha débeda por este concepto, así que entendemos que as respostas deben de ser un pouco máis explícitas, e deben darse máis explicacións sobre este concepto.

Aínda que se solicitou dende o seu grupo, en diversas ocasións, que se dera información, e se preguntou por qué non se levaba ós orzamentos, xa que son partidas importantes, e que poden afectar no investimento final, non se fixo, e cren que se debería ter un pouco máis de detemento e explicar máis a cuestión.

Tamén entenden que non se están seguindo os mesmos criterios para todas as cuestións, como pode ser nos casos de Campomarzo, ou Indeza. Que se collen aquelas cuestións que benefician para fomentar un orzamento alto de ingresos e aquelas que prexudican non se están tomando, ou se manteñen aínda que se saiban dificilmente realizables. Entenden que estas cuestión tamén poden poñer en risco o nivel de gasto comprometido, e así mesmo, os investimentos reais que se prevén para o Concello.

Recoñecen que si que é un orzamento equilibrado, máis equilibrado imposible, pero cuestiónanse se son reais ou non.

Para facer esa análise hai que irse ó último exercicio pechado e liquidado, que é o do 2014. Coñecendo que ese ano houbo uns ingresos extraordinarios que ascenderon case a 1.400.000.00€ que distorsionaron un pouco a conta, pero que se introduciron e foron cobrados efectivamente. Vendo esa liquidación comprobouse que houbo un déficit sobre o que se expuña. O déficit que se expuña era que sobre aquilo que había pensado investir ou recadar, houbo un déficit de sobre 559.000,00€. E ese déficit levou a que certas partidas que había comprometidas para realizar, non se puideran acometer. Estas cuestións reproducense fundamentalmente no que se espera ingresar por taxas ou prezos públicos. Na liquidación final do ano 2014 hai unha diferenza en contra ás previsións que facía o Concello de 772.000,00€. Sen embargo esta partida, a pesares de que so se conseguiu recadar 947.000,00€ en ese ano, este ano auméntase en 500.000,00€ máis. Entenden que non se está a facer un exercicio responsable en canto a ingreso desas taxas, e tamén que iso vai desequilibrar o orzamento que se presenta.

Polo tanto, cren que esa previsión de ingresos fai subir o orzamento, (tamén se podería aumentar a cantidade en 40.000,00€, chegar ós 7 millóns, e poñer uns números máis rimbombante), pero pensan que non se está facendo un exercicio de responsabilidade a ese respecto.

Tamén cren que os orzamentos non son reais en canto a gastos, porque os déficits que hai de ingresos, fan que algunhas partidas non se dean executado.

Entenden que o primeiro que hai que facer é unha previsión de ingresos real, e iso levará a unha previsión de gastos real, que se poderá ver incrementada posteriormente, se se fai unha maior recadación.

En relación co gasto, a pesar de que se expoñen unhas propostas con unhas determinadas inversións, están a favor de que se incrementen partidas coma as de servizos sociais, as das subvencións a asociacións culturais e deportivas, (aínda que lles consta que hai moitas asociacións que teñen moitas carencias), e tamén no plan de axudas a emprendedores, no cal entenden que son liñas políticas que son beneficiosas, e que levan a que dentro do concello se poidan conseguir uns maiores ingresos a longo prazo, sen ter que recorrer a outras institucións.

Sen embargo, din non estar de acordo co orzamento elaborado para os gastos por tres razóns:

- Porque cren que non se vai poder levar a cabo na súa totalidade, porque os ingresos non se corresponden, ou non se van a poder conseguir no nivel que se expón.
- Porque hai determinadas cuestións que se veñen incrementando sen moita razón de ser, como gastos en dietas ou en protocolo, que se levan unha porcentaxe moi alta sen xustificación, xa que os mesmos gastos de exercicios anteriores non aconsellan que se realice ese incremento.
- Porque entenden que as políticas que se están levando a cabo, tanto de axudas, como de plans para intentar fomentar emprego, e demais actuacións enfocadas a intentar paliar a actual situación económica que se está a vivir mediante a intervención do Concello, non son produtivas. Estanse a poñer parches pero non a dar solucións para que esa situación se reverta.

Vese por exemplo nas axudas ó desenvolvemento empresarial. No ano pasado propoñíase unha partida, pero a metade da mesma era para o arranxo de camiños. Non se está facendo ningunha política para o desenvolvemento empresarial, para que se fixe máis poboación no Concello e poder ter máis recursos.

As axudas coma as do plan de emprego, entenden que son moi importantes, pero realmente, non son plans de emprego que poidan introducir a poboación que non está activa nas empresas que xa están implantadas. Ten que haber unha coordinación encamiñada a ese tipo de accións.

Tamén en relación co nivel de gastos, ou de servizos, díxose antes comentando o das taxas do lixo, estase a facer un gasto nunhas determinadas xestións, pero non se está pensando cales son as solucións que fagan que se implanten empresas. Se aquelas que xa temos implantadas hoxe en día no polígono están

falando mal dos servizos que lles presta o Concello, dificilmente calquera empresa de fora virá a implantarse aquí. Co cal deberíase ter unha certa sensibilidade, e facer políticas económicas encamiñadas a mellorar servizos e conseguir que esa xente poida vir a implantarse e que teña un entorno no que poida desenrolar a súa actividade coa máxima comodidade posible.

En canto ós investimentos reais que se expoñen para o 2016, non están de acordo co reparto que se fai. Por nomear un dos últimos puntos ó que se fixo referencia, a cuestión da iluminación, faise unha partida de 110.000,00€. Se ben é certo que non poden facer unha crítica construtiva sobre este tema por non ter claro en qué se van a gastar, a impresión que se dan despois de escoitar a intervención do Alcalde é que o que se vai facer é tentar homoxeneizar os farois dentro dos núcleos urbanos para que estean máis bonitos e sexan máis eficientes. Pero hai que ter en conta unha cousa, que é que os núcleos urbanos teñen luz, en cambio no rural se segue con moitos puntos de luz apagados e con moitas zonas sen luz, co cal deberíase priorizar a reposición de ese servizo e que o rural teña os mesmos servizos. Esta será unha cuestión a ter en conta e a valorar á hora de facer o gasto.

Consideran que hai moitas propostas que non se tiveron en conta dende o grupo de goberno con respecto á imaxe do Concello. Se se está a intentar vender un concello turístico, a xente que ven de fora non se pode atopar cuns accesos terceiromundistas a sitios coma ás fervezas. É unha cuestión de imaxe do Concello que debe coidarse e manterse.

Tamén en relación coas cuestións de priorizar gastos, cerrar as pistas de pádel de O Castro será una inversión necesaria, pero xa están cubertas e pódense utilizar perfectamente. E estase deixando de invertir en outros recursos fundamentais do Concello, sen dedicarlle un so euro, confiando en que outras Administracións veñan a solucionar a papeleta, como pode ser o Mosteiro de Carboeiro. Como mínimo debería verse algún tipo de actuación por parte do Concello, encamiñada a por en valor e atraer o turismo ata eses puntos.

No tema de Carboeiro, cola luz, había xa partidas consignadas en anteriores orzamentos que non se aplicaron, e non se sabe qué vai a pasar con esas partidas.

Hai que afrontar determinados gastos, coma os da residencia, que no seu día puideron verse máis aliviados con determinadas axudas que estaban concedidas para o Concello. Xa estaba a doazón prevista, e renunciouse a esa subvención do Agader, alegando que non se ia poder cumprir cos prazos que se daban. Consideran que cando hai unha subvención de esa entidade, hai que axilizar todo o posible e poñer todos os recursos para non ter que comprometer despois case un terzo ou unha cuarta parte dos recursos propios que vai ter o Concello para os investimentos reais do ano 2016.

Di que tamén botan en falta inversións coma para o mobiliario da Escola de Música, agora que se está reformando a nova sede e que facilitarían levar a cabo a súa labor. Entenden que hai determinadas cuestións en investimentos reais que non se están a cumprir, e haberá determinadas partidas das que se prevén que quedarán sen aplicar, e polo tanto entenden que os orzamentos non son correctos.

Estas son as liñas fundamentais polas que o grupo do PP entenden que non poden estar de acordo con estes orzamentos, sen prexuízo de que despois se entre un pouco máis en profundidade en partidas concretas, e nas que quedaron sen aplicar no ano 2014 e que se refiren a cuestións tan importantes para o Concello coma a reparación, mantemento, e conservación do alumeadado público, actividades culturais, promoción e fomento do deporte, comercio, ordenación e promoción turística, reparación e mantemento de estradas, desenvolvemento empresarial, ou formación do persoal funcionario do Concello. Son partidas nas que cren que hai moitas carencias dentro do Concello, e que a única razón pola que quedan partidas sen aplicar, é que non hai os recursos cos que se di que se conta.

VOCEIRO BNG

Comeza agradecendo a exposición do Alcalde, e a estrea de D. Ignacio Maríl, do PP, que considera moi ilustrativa.

Di que o seu grupo valora publicamente os orzamentos, e que fixeron unha breve explicación sobre os investimentos reais, e en algunha partida que se prevé de ingresos.

Felicita ó grupo de goberno, porque cre que son uns orzamentos que están traballados, traballo que, en épocas de goberno do PP, non se vía. Incluso había partidas que non existían.

A parte de ter traballo, os orzamentos tamén teñen previsión, algo fundamental, e intención de por sobre a mesa cuestións que se queren facer.

Cre que hai propostas que non aparecen nos orzamentos:

- A da redución do IBI en propiedades afectas por protección patrimonial, como castros, mámoas, petróglifos, igrexas Neste concello son moitas as propiedades, a maioría rústicas, e a imposición é relativa, pero cre que é un exercicio de concienciación para a propia cidadanía, que se vexa reducida, ou incluso exenta do pagamento de tributos esa propiedade, porque se conciencia do valor que ten. E para este concello, o valor patrimonial debería ter especial sensibilidade.

- Tamén a proposta da redución do IBI a aquelas persoas con dificultades económicas, ou sen ingresos, porque á hora de pagar, non toda a xente está nas mesmas condicións.
- A imposición do pagamento do IBI ás propiedades lucrativas da Igrexa, agás nos lugares de culto, para que paguen os impostos, ó igual que os paga calquera sociedade neste concello. Porque por riba de poderen facer seus os bens que lles de a gaña, porque son fedatarios públicos, non pagan impostos por eles. O Concello veríase moi beneficiado pola cobranza de estes impostos.
- Que os usuarios habituais das instalacións deportivas teñan un desconto como usuarios residentes, co fin de promover o uso e premiar a práctica deportiva, así como abaratar os custos das instalacións básicas para o exercicio físico.

Dí que estas son algunhas das cuestións que se deberían de atender no que aparece no orzamento como conta de ingresos.

En canto ós investimentos reais, cre que o investimento para o centro de día residencial recaía so no Concello sendo un centro público é, cando menos, rechamante. Que haberá que sacarllos á Xunta por outro lado.

Propoñen que se invista en saneamento, aínda que falta o abastecemento en algún lugar, pero o saneamento cren que é algo fundamental, e que hai unha grande porcentaxe do concello sen sanear. Que se faga unha proposta de investimento a catro anos, e en cada anualidade facer unha rede de sumidoiros e outra de saneamento biolóxico para lugares de tamaño medio e pequeno.

A Xunta de Galicia cobra o canon da auga polo saneamento. O Alcalde dicía que primeiro quería facer esa loita, aínda que non descartaba facer o saneamento nesta lexislatura. O seu grupo cre que este é un gasto prioritario, que aínda que non sexa unha gran obra, e non vaia dar votos, pero que é moi necesario. Neste sentido cre que a Xunta lle está cobrando ós galegos por un servizo que non presta. Cren que este ano se debería comezar co saneamento biolóxico, aínda que fose en fase experimental, xa que é barato, e da a posibilidade de ter unha capacidade analítica para saber cómo funciona realmente.

En canto ó investimento turístico, patrimonial e ambiental, esa é unha loita que teñen contra tódalas administracións. Cren que o ADIF acabou asediando este concello, especialmente as parroquias de Carboeiro e Pazos, e non dou nada a cambio.

Que ten terreos ocupados que deberían ser de utilidade pública, onde se podería poñer un aparcadoiro en Pazos, ou aportar o investimento definitivo para mellorar a accesibilidade tanto de Carboeiro, como de Pazos, a parte de cuestións para poñelos en valor.

Cren que nesta partida non hai suficiente investimento, porque é algo patrimonial que hai que atender, ou ben por medio de tódalas administracións, ou cos recursos do Concello, e a parte de ser un recurso turístico, tamén e un compromiso moral, sobre todo habendo dispoñibilidade económica.

Din que aparece unha cantidade non investimentos reais, que se falaba que podería ser para o traslado do Concello, e esta é unha cuestión que se debería falar, o da conveniencia ou non dese traslado. Cre que a administración debe de centralizarse para mellorar as prestacións que se lle dan á cidadanía, pero que non se debe gastar diñeiro inutilmente habendo xa un servizo. Se trasladar un Concello custa 5 ou 6 mil euros, pode estar de acordo, pero se vai custar 50 mil euros, neste momento non é viable, porque xa hai un Concello, unhas oficinas, e a melloría tampouco xustificaría ese gasto.

Unha das discrepancias que tiñan das propostas polo Goberno, era a do arranxo da Capela de San Sebastián en Moalde. Deixando fora as cuestións de relixións, preguntouse se o Concello fixera un estudo do valor patrimonial da capela, porque sendo así, pode ter a súa funcionalidade. Pero cren que investir, ou propor investir o diñeiro sobre algo que non é propiedade municipal, e do que non se ten contrastado o seu valor patrimonial, é unha temeridade. Outra cousa é que previo ós convenios co Bispado, o Concello ten que achegar unha cantidade mínima e simbólica, poderíase entender, para preservar un centro con certo interese patrimonial. Pero non se pode facer dende a Administración Pública, o traballo da Igrexa.

Hai outras cuestións que cren que non están suficientemente atendidas, como os 40.000,00€ que hai depositados pola Rede Eléctrica Española para o Mosteiro de Carboeiro, que nos orzamentos non figuran, aínda que entenden que ó mellor son cantidades que anualmente poderían variarse, coa intención de facer algo, de unhas partidas a outras, e investilas igual.

Cren que faría falla unha mención explícita pola cuestión da auga. Non hai un plan de pagamento feito para Espina & Delfín pola súa débeda. Este próximo ano remata a concesión que baleirou o peto dos silledenses e do Concello. Isto requiriría unha explicación por parte do Goberno, e tamén que se sentasen todos os grupos canto antes na mesa da auga.

Aparecen 15.000,00€ de gastos para atencións protocolarias e representativas, queren que se explique ese gasto.

Concordan subir o gasto para emerxencia social, pero discrepan en cómo se están a xestionar as políticas sociais no Concello. Habendo capacidade económica, habería que corrixir a xestión ordinaria.

Chámalle a atención unha cuestión da mancomunidade, aínda que pensa que ó mellor hai que darlle un ano de carencia, porque hai o mesmo orzamento. A mancomunidade

ten que valer para prestar servizos, e os concellos teñen que darse de conta de que se incrementan a capacidade económica da mancomunidade, incrementarán a posibilidade de que eses servizos se poidan levar a cabo entre todos. Pero cren que será porque este ano será un ano de dúbidas sobre cómo vai funcionar todo.

SR. ALCALDE

Agradece e felicita as dúas intervencións, polo coidadoso das formas, e cre que coas explicacións que dará a continuación, hai uns orzamentos en condicións de ser aprobados por unanimidade.

En resposta ó portavoz do Partido Popular:

- Intentarase manter os formatos o máximo posible. O problema é se veñen interventores ou secretarios novos, porque depende moito dos técnicos, pero intentarase que sexan homoxéneos tódolos anos.
- En canto a que se meten as cousas nos orzamentos, en función de cómo lle interese ó goberno, para que vaian mellor ou non, di que non é certo. A intención do goberno é a de facer uns orzamentos realistas, así o foron os outros, e así o amosou a conta de resultados do ano 2014, e mellor o vai amosar a conta de resultados do 2015. O orzamento é unha previsión, e como tal, pódese acertar ou non. E o que di se se acertou ou non, máis alá das valoracións que se fagan agora, son as contas de resultados. E a conta de resultados do 2014 indica que se acertou clarísimamente. A do 2015 cos datos que hai ata o momento, vai a indicar que se acertou aínda máis. Todo indica que vai quedar remanente para poder facer inversións novas. Isto é porque se fixeron uns orzamentos realistas tirando á baixa. Son equilibrados, porque o marca a lei, e tamén porque se fan os de ingresos, e tendo feitos estes, se fan os de gastos sen pasarse un céntimo deses ingresos. E ó ser realistas os ingresos, acaban sendo uns orzamentos realistas, tirando á baixa.
- Sobre o tema de Espina & Delfín, e dando tamén resposta á pregunta que facía o voceiro do BNG, é certo que non aparece nos orzamentos, porque a previsión de momento, é non contemplar a débeda que nos reclama a empresa. A partires de xaneiro, e ata xuño, que remata a concesión, empezárase a traballar no ámbito da mesa da auga, dende cero, e coas ideas que todos aporten enriba da mesa. Haberá que facer varias xuntas e reunións. Pero di que toda a problemática con Espina & Delfín non vai a afectar a estes orzamentos porque a concesión remata a mediados do ano que ven, e xa se verá cómo se vai a facer, pero non vai afectar ós orzamentos que é o que se está a tratar. Recoñézase ou non a débeda coa empresa e haxa que pagarlla ou non, será algo que afectará a orzamentos posteriores.

- Igual pasa coas débedas de Indeza e de Campomarzo. Son débedas que están ahí, por unha parte e pola outra, que ó longo do ano se saberá se se dan cobrado ou non, e se se pagan ou non, se se paga máis ou menos, pero como previsión, hai que intentar vincular as débedas mutuas. A vinculación que aparece nos orzamentos consideramos que é favorable. Porque cobre ou non cobre o Concello a débeda, si que está previsto o pago da débeda a Indeza. Co cal habería un desfase, pero que podería ser cuberto perfectamente nos orzamentos. E vincúlanse as dúas no sentido de que, se por un casual, se cobra a débeda completa de Campomarzo, xa se pode pagar a débeda enteira de Indeza en ese mesmo momento. E liquidaríase esa débeda dentro de este ano.

O máis grave que podería pasar sería ter que pagar a parte que corresponde dos catro anos de Indeza, eses 120.000,00€ que están no orzamento, e que non se cobre o de Campomarzo, que tamén está nos orzamentos. Que non se cobre por falta de liquidez da empresa, pero iso é algo que non se pode reflectir nos orzamentos. Pero isto tampouco afectaría gravemente ós orzamentos.

Atendendo a todo isto, considera que son uns orzamentos reais de todo. A liquidación do 2014 así o dixo, e a do 2015 sorprenderá a todos.

- Agradece que estean a favor do incremento en servizos sociais.
Aclara que a axuda que había do Agader para a residencia non é criticable, porque non había outra opción, e esta non era realizable. Era unha axuda de 100.000,00€ que saíu a principios de ano, e que esixía que o centro estivera feito en xullo. E se non se cumpría, non se recibían os 100.000,00€ e ademais había de indemnizar ó Agader. Aínda que houbera os cartos, dende xaneiro a xullo non se daba feito ese centro, era imposible, inviable. Non se pode criticar que se perderan 100.000,00€, porque non é verdade. Nas condicións que viña esa axuda, era imposible podela recibir.
- En resposta a que non hai políticas produtivas nos orzamentos, di que sí que as hai, pero que non dan resultados de hoxe para mañá. Podería haber máis, e en anos sucesivos as haberá, pero igual que en anos posteriores a base dos orzamentos era o pago da débeda, e agora son as políticas sociais, sí que hai políticas produtivas, porque, aínda que sexan 14.000,00€ para un mapa agrario, iso son os cimentos dun proxecto que pode ser importantísimo para este Concello e que terá que ter visualización nos orzamentos dos anos posteriores. E ese proxecto nos dirá o que temos que investir para o desenrolo do noso sector primario, coa creación dunha escola, dun viveiro de empresas, ...

Tamén hai as axudas a emprendedores, que son políticas produtivas.

En resumen, di que sí que hai políticas produtivas, pero políticas de empezar, e cando se empeza hai que ir ós poucos.

- En canto á mellora enerxética, di que non é certo que se vaia a facer todo o esforzo nos cascos urbanos esquecéndose do rural, senón todo o contrario. Foi decisión do propio Alcalde o facer un apagado de farois drástico como se fixo. E agora hai que volver a recuperar os servizos que se perderon polas dificultades económicas. Pero hai que facer mellora enerxética para aforrar, e hai que facela onde máis se pode aforrar.

O ano pasado fíxose un proxecto de mellora enerxética a través da mancomunidade, do cal so saíron beneficiados os concellos de Vila de Cruces e Silleda porque presentaron uns proxectos bos. E desa parte que levou Silleda, so se inverteu unha pequena parte en Bandeira, o resto foi todo no rural. A parte máis grande foi na parroquia de Cervaña, porque era un dos alumeados máis antigos que tiñamos e onde máis podíamos aforrar. Todo o aforro se irá empregando en dar mellores servizos.

- Nega que non se collera ningunha proposta do PP. Moitas delas van nañ partidas de gasto diario do orzamento, e outras moitas sí se atenderon, coma a das beirarrúas ata O Castro, ou coma a mellora da rúa Lourás. E hai outras, coma a mellora da iluminación no auditorio Manuel Dopazo que, aínda que non están no orzamento, acabárase tendo que gastar diñeiro e asumir responsabilidades de outras administracións, coma co saneamento, ou o centro de día. Pero aquelas actuacións que estamos en plan de solicitálas a outras administracións, e que hai posibilidade de que as dean, non sería lóxico metelas no orzamento.

Dende ese punto de vista, hai un compromiso da Consellería de Cultura de que ano a ano, vai ir axudando. Este ano van arranxar a planta que falta na Casa de Cultura de Bandeira, e o ano seguinte, vaise pedir todo o sistema de iluminación do Auditorio de Bandeira. Así que cre que, aínda que haxa que esperar un ou dous anos, é de agradecer que os cartos veñan de fora, xa que os do orzamento hai moito onde gastalos.

- Discrepa sobre un comentario sobre Carboeiro, onde se dixo: “estamos esperando a que veñan outros a solucionarnos a papeleta”. Di que a responsabilidade sobre Carboeiro non é do Concello. Carboeiro é un ben cultural, propiedade do Bispado. Así que ou ben, a Consellería de Cultura, ou ben o Bispado, son os que teñen a obriga de manter ese ben. O Concello como tal, e como ben importantísimo que é o Mosteiro, acabará facendo o traballo de outros, como arranxar o tellado, que se veu facendo todos estes anos. Non é que o Concello este esperando a que outros veñan a solucionar a papeleta, senón ó contrario, todo ó contrario.

- A inversión na Escola de Música, xa está dito, e ademais moi acordado coa Escola de Música, tanto o que se está facendo agora, coma as actuacións futuras. Hai partidas dentro do orzamento para iso.

SECRETARIO

Toma a palabra o Secretario, D. Manuel Quintáns Queiruga, para facer unha aclaración sobre o que dixo o portavoz do PP da liquidación do ano 2014, e di que non hai ningunha diferenza. Que a diferenza da que se falaba, de 717.000,00€, non existe, senón que é totalmente ó revés. Se houbera tal diferenza nos ingresos reais, non habería un superávit de 196.000,00€. Nuns ingresos ordinarios de 5.600.000,00€, ter un superávit de 196.000,00€, é unha diferenza de aplicación orzamentaria, diferente da que se aludiu. E a explicación é moi sinxela, esa diferenza é estritamente contable e que obedece a tres conceptos:

- 417.000,00€ son os ingresos da taxa de abastecemento de auga. Esta cantidade figura nos orzamentos, pero en realidade ingresouna Espina & Delfín. Está delegado o cobro á concesionaria, por iso non aparece. O que si se fixo foi facer constar esta partida, que ata o ano 2014 non existía, e polo menos que conste.
- 175.000,00€ de saneamento de EDAR, que é o que costa a EDAR. Pero despois non se reflexa na contabilidade porque tamén os ingresa Espina & Delfín.
- 172.000,00€, que corresponden o segundo semestre das taxas do lixo, que se cobra no primeiro trimestre do ano 2015, polo tanto aparece sen haberse ingresado.

Polo tanto os 717.000,00€ os que aludiu o portavoz do PP quedan explicados nestes tres conceptos anteriores, e son simplemente, unha diferenza contable.

SR. ALCALDE

Segue coas respostas ó portavoz do BNG, agradecendo tamén a súa intervención.

- Comenta que a redución do IBI ás propiedades afectas por Patrimonio, foi un tema que xa se falou e que están de acordo en que se estude e que se faga, pero cando toque. Queda pouco para aprobar o Plan Urbanístico, e ese plan vai a reflectir todas as afeccións que hai a Patrimonio, e aí é onde se poderá ver qué facer e facelos distintos, porque non é o mesmo unha afección ca outra. Á hora de reducir non será o mesmo que teña unha afección dunha igrexa, ca que estea pegado a un ben cultural intocable. Debese esperar a ter o Plan Urbanístico aprobado e despois sentarse a falar.
- Nese mesmo intre tamén se pode mirar o do IBI, e mirar qué descontos se lle poden aplicar a particulares. Descontos que teñen que ser modificables, en

- función das necesidades da xente. Tamén hai que ter en conta que hai persoas que teñen moitas propiedades que non son produtivas porque non queren, que será distinto de se poñen esas propiedades a disposición Municipal para alugueres sociais.
- O pago do IBI da Igrexa xa foi algo debatido tamén. Vaise empezar a cobrar polo menos en aqueles bens onde sacan rendemento, e iso vaise a facer de inmediato. Xa está comunicado ó delegado da Igrexa en Silleda.
 - En canto ós usuarios das instalacións deportivas, di que nestas instalacións xa hai descontos para os seus residentes en moitos ámbitos. Descontos para nenos, para clubs, para xente con menos posibilidades económicas. Pero manter as instalacións tamén ten un custe. A parte que moitas delas están saturadas, o cal indica que non se está cobrando unha taxa elevada. O que non ocorre nin ocorrerá nunca é que algún rapaz de Silleda quede sen facer deporte por non dar pagado as taxas.
 - En canto a investimentos, e falando do Centro de Día Residencial, di que insistirá dende agora ata que se acabe de facer o centro en todas as administracións para que colaboren, porque é algo de xustiza. Aínda que xa está tomada a decisión de que ese centro se vai a facer sen pausa, con axuda ou sen ela.
 - O saneamento é unha das cousas que máis piden no rural. Accesos, abastecemento, e saneamento son as tres cousas que máis preocupan no rural.

Lembra que se pedía para o rural 575.000,00€, e nas tres partidas dedicadas ó rural van un total de 550.000,00€. Aínda que o saneamento non vaia en ningunha partida, o que non quere dicir que non se estivera traballando niso, que si se fixo. Estivéronse mirando distintos modelos de balsas para poder implantar no Concello, e os Servizos Municipais de Augas están facendo estudos e mirando ónde se pode sanear e onde é máis urxente. Pero mentres se miran opcións e se fan estudos, deberíamos reclamar á Xunta de Galicia ese canon da auga que se fixo pagar, e que rolda sobre os 120.000,00€ anuais, que hai que reclamar, como mínimo eses cartos deberían ser retribuídos a Silleda para inverter en saneamento. E despois ano a ano verase se son suficientes ou se hai que inverter máis. Loitarase para que iso sexa o primeiro que pase, e se pasado o ano ou o orzamento, non se da ese caso, irase por dúas vías: o Concello asumirá a responsabilidade de darlle servizo ós seus veciños, pero levará ós xulgados a quen haxa que levar por incumprir o que marcan as normativas.

- Con respecto ó turismo, considera que o Adif fixo unha aberración pasando por onde pasou e deixando todo como o deixou. Estase a negociar con eles para

que nos cedan os vertedoiros, que xa as cederon, pero teñen que acondicionalos e rehabilitalos, porque incluso teñen un expediente aberto por non as ter en condicións.

- Está de acordo en que se precisa máis inversión tanto no entorno da Fervenza e de Carboeiro, pero todo é cuestión de prioridades. Poderíase dedicar a isto os 35.000,00€ da partida do cerre das pistas de pádel, pero cre que, ademais de que non chegarían a moito, co cerre manterase en condicións o que xa está invertido, porque unha vez que se cerren esas pistas, terán unha vida infinitamente superior.
- A suposta partida para o traslado do Concello non é tal. Pero é unha partida de 50.000,00€ que está aí para o longo do ano poder facer estudos necesarios, tendo en conta de que hai incógnitas, coma a calefacción da Escola de Música, que non se sabe se vai precisar unha inversión grande ou non. E que aínda que vaia para adiante o cambio do Concello, e pasan os meses, e se ve que fan falta eses cartos para a calefacción da Escola de Música, irán prioritariamente para aí.
- O da Capela de San Sebastián, ten certo valor para os veciños e unha moi boa localización. E é unha previsión de unhas negociacións que se van ter co Bispado.
- A partida dos 15.000,00€ de atencións protocolarias é necesaria. Outra cousa é que se utilice ou non. Farase un seguimento de cómo se utiliza. Se hai posibilidade coma a reunión de empresarios que se fixo recentemente, hai que facelos, porque aínda que sexa en prestixio, algo queda. E os eventos que aparecen inesperados, teñen un gasto que ben pode ir nestas partidas.
- Con respecto á Mancomunidade, haberá que ir pouco a pouco, pero está a haber cambios importantes e máis funcionalidade, senón tanto o Concello de Silleda coma o de Lalín abandonarán a Mancomunidade.

TURNO DE RÉPLICAS

VOCEIRO PP

Volve coller a palabra D. Ignacio Maríl e di que o orzamento non é dos máis altos da historia, porque a liquidación dos dereitos e das obrigas recoñecidas baixan esas cantidades.

E en relación coas partidas, hai partidas que se sabe que non se van a dar cumprido, entre elas a do tema de Campomarzo. Na liquidación do 2014 segue habendo un desfase na partida da recollida do lixo, no servizo telefónico, en outras taxas pola

realizacións de competencias locais. Todo iso séguese arrastrando exercicio tras exercicio e distorsionan os orzamentos.

Outra cuestión en relación cos gastos que se di que non se aplicaron e que iso realmente non é así, por exemplo en reparación e mantemento de alumeadado público, había no orzamento 20.000,00€, e houbo un remanente de 8.254,00€. Eses cartos non se gastaron, e precisamente neste punto hai moitas cousas que facer no Concello. Pasa o mesmo con actividades culturais, en comercio, e con algunha máis. Todas son partidas que se ían a aplicar e que finalmente non se aplican. E non porque non haxa necesidades nesas cuestións, senón porque ou non houbo tempo para desenrolalas, ou porque ó ser menores as previsións que había de ingresos non se puideron facer.

En canto ó desenvolvemento empresarial, di que aínda que saben que son cuestións que non se arranxan de un día para o outro, o que non se pode é destinar parte dos cartos de partidas destinadas a isto, ó arranxo de camiños, porque iso non é desenvolvemento empresarial.

Con respecto á partida de atencións protocolarias, esperan que a xente que veña a reunións coma a de empresarios, non falen cos que están implantados no polígono, porque como lles contan os servizos que teñen, en canto a lixo, non van a vir. Se non se lle van a dar os servizos e a atendelos como se merecen, case é mellor que non veña ninguén.

O tema de Espina & Delfín, para unha cousa é unha partida orzamentaria, e para outra, hai que ser realista. Dende o seu partido consideran que é mellor reflectir 300.000,00€ ou 400.000,00€ que cubran esa cuestión, e que se realmente despois se liquida de maneira amigable ou a través dunha nova licitación, que ese diñeiro se dedique a moitas cousas que quedan por facer, pero non ó revés, dicir o que vou a facer cos 400.000,00€ e que despois non haxa con qué cubri-lo.

En canto ó alumeadado público seguen sen ver na partida de 100.000,00€ actuacións nas que se vaian a levar a cabo accións sobre o rural, que é onde máis se precisa.

Seguen pensando que hai propostas do seu grupo que non foron valoradas, en parte por falta de tempo, pero as que se presentaron son as entenden que se deben de valorar de forma prioritaria e que poden dar aforro ou xerar inversión.

Entenden que Carboeiro non sexa cuestión municipal, pero cren que o entorno e a sinalización si o son, e non se atenden. Que debería pasarse polo entorno da Fervenza do Toxa para ver cómo está aquilo de sucio, que da vergoña, sobre todo o que da acceso ó miradoiro. Hai que coidar un pouco a imaxe que se da, porque se gastan os cartos en facer guías para atraer á xente, e para que vexan cómo está todo, é mellor que non veñan.

Nestas cuestións onde din de priorizar son nas que non están de acordo coa maneira na que se está a desenvolver no Concello, polo tanto non cabe apoio pola súa parte ós orzamentos.

Tamén pide mantemento para as bancadas do salón de plenos, ó que o Alcalde responde que son históricas, e que haberá que pedir permiso a Patrimonio.

VOCEIRO BNG

Di que houbo un tempo no que o seu grupo reclamaba cuestións básicas para a corporación. Por exemplo, no tema dos orzamentos, o de abrir a mesa de negociacións cos sindicatos. Tardouse, pero ó final fíxose. O tema de propostas, posibilidade de facer investimento, Falta que agora, a parte de abrir a posibilidade de que os grupos da oposición presenten propostas, esas poidan formar parte de comisións de traballo para a elaboración real dos orzamentos, que é como debería de funcionar unha auténtica corporación democrática.

A parte de existir todos eses compromisos ditos anteriormente, (IBI, protección patrimonial, etc.), ten que existir tamén un compromiso de traballo en común nesta corporación para que isto sexa un equipo de traballo, independentemente dos pensamentos de cada un.

Sen que sirva de precedente, van a aprobar os orzamentos porque cre que hai unha previsión, e unha previsión real, aínda que durante o ano haxa continxencias que o fagan ficticia. En todo caso, esperan ir pulindo as diverxencias existentes. Así como tamén agardan poder aprobar a conta cando veña e haxa pagado todo o que queda por pagar.

SR. ALCALDE

Agradece o tono. Di que nas partidas que di o PP que quedan sen facer, alega que as de gasto corrente son previsións, nas que inflúen moitas cousas. Algunhas veces quedan curtas, e outras non chegan.

O que vai a dicir se os orzamentos son reais ou non reais son as contas de resultados de finais de ano.

Non quere volver a entrar no de Espina & Delfín, pero di que quedan uns meses para traballar moito sobre iso, pero que non cabía metelos no orzamento.

Agradece a posición do grupo BNG a favor da aprobación do orzamento, pero reprocha que cando o inviten a algunha cousa, se diga: "faino por quedar ben".

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: 8 votos a favor, (PSOE e BNG), e 4 abstencións, (PP).

5º - DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O REQUERIMENTO DE PAGO en dous apartados. Previa a providencia de apremo en vía executiva polos anos 2005/2007 e liquidación ordinaria polo período 2008/2011 a empresa EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO, S.L., en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombros de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa – adxudicataria do servizo público – e o Concello en data 23 de Maio de 2002.

O Alcalde explica que é o acordo que se tomou en plenos anteriores, de facerlle esta reclamación a Campomarzo. E Campomarzo presentou un recurso de prescrición da débeda, e o que se trae aquí é a desestimación dese recurso, como se falou nas comisións informativas. Desestimar ese recurso e que a reclamación siga os seus trámites habituais.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

VOCEIRO BNG

Di que se se gaña e se cobre o que se teña que cobrar, hai que acordarse do agravio que supuxo este vertedoiro para a parroquia de Pazos e o lugar de Campomarzo, así que haberá que facerlle ós veciños a senda verde ata o Mosteiro dende a igrexa de Manduas para que continúe por onde ten que continuar e arrombar aquilo, investindo parte da cantidade económica que se cobre por isto porque é de lei.

SR. ALCALDE

Di que está totalmente de acordo.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

6º - RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DE 29-09-2015. SOLICITUDES (3) DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS – AVOGACÍA E ARTÍSTICAS – FORA DO HORARIO LABORAL.

Para o exercicio da avogacía fora do horario laboral de Manuel Quintáns Queiruga, Habilitado Estatal, ocupando o posto de Secretario Xeral, de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, Técnico Superior, en réxime laboral, e de José Fondevila García, funcionario, que ocupa o posto de Oficial Electricista.

No caso de José Antonio Fondevila o Alcalde propón que incluso o exercicio das actividades artísticas, as poida compatibilizar dentro do horario laboral, isto é dicir,

dada a importancia que ten para Silleda pola traxectoria que ten, que non teña que perder algunha exposición polo feito de ser traballador municipal. Por exemplo agora está facendo unha exposición en Portugal, na que ten que estar cando se inaugure. Cree que isto repercute en imaxe para Silleda.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

VOCEIRO PP

Toma a palabra D. José Luís Espiño, e di que están de acordo coas actividades das tres persoas, e que no caso do secretario, que está botando unha man ó Concello cos temas xurídicos é benvido porque vai axudar a recortar os gastos do Concello.

VOCEIRO BNG

Cre que hai que compatibilizar o de todos, non só o destas tres persoas. Sabendo o valor que cada un ten.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

7º - MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

- 1- MOCIÓN DO BNG EN PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA. CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO.

PORTAVOZ BNG

Di que onte foi o día no que se dedica como día simbólico para combater a violencia de xénero, e o BNG o que pide é que se recoñeza o Estatuto do Feminicidio, isto é, unha regulación para a protección das vítimas da violencia de xénero, que son vítimas de feminicidio, un atentado contra as mulleres, nas múltiples violencias que existen, porque non é só na violencia física. Esta palabra dende hai uns anos está a recoller bastante ben o que significa a violencia machista, e é de Lei que dende este Concello se apoie esta moción.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

SR. ALCALDE

Di que van a votar totalmente a favor de este tipo de mocións e ademais totalmente a favor de que se traian. Isto nunca será repetitivo. Canto máis se fale de estas cousas máis se axudará a previr.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

- 2- MOCIÓN DO PSOE PARA IMPULSAR MEDIDAS QUE POIDAN LOGRAR UN ACORDO TRASATLÁNTICO PARA O COMERCIO E O INVESTIMENTO ENTRE A UNIÓN EUROPEA E ESTADOS UNIDOS, OS TAMÉN CHAMADOS TIP.

PORTAVOZ PSOE

Toma a palabra a Concelleira de Comercio D^a. Ana Luisa González para dicir que a Unión Europea é a maior economía mundial, e a maior potencia comercial, e tamén se está vendo afectada pola situación da crise económica, quedando en situación de empobrecemento e desigualdade e perdendo competitividade, debido ás políticas de austeridade que se están a aplicar nestes gobernos.

Dende o 2013 a Unión Europea está a pactar con Estados Unidos unha zona ampla comercial, que sería a zona comercial máis ampla de todo o mundo.

O que se pide nesta moción é que se ben é certo que son positivas esas negociacións, que se teñan en conta temas básicos, coma os de protección medioambiental, protección social e laboral, e se trasmita a información ós Estados no momento en que se coñeza para poder negociar.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

PORTAVOZ PP

Di que están de acordo no fondo da moción, pero cre que se escapa un pouco, xa que todos estamos representados en Madrid dende o Parlamento, e a nivel local cre que é un tema que ven moi grande.

PORTAVOZ BNG

O seu grupo presentou hai un ano unha moción contraria á que se presenta hoxe, porque cre que esta non fai máis ca salvagardar os intereses do capitalismo internacional e do neoliberalismo, que o que fai é ir en contra das políticas sociais, medio ambiente, en definitiva de todo o que se dixo.

E que isto non é máis ca un lavado de cara do PSOE porque o día que houbo que votar, houbo xente en España que se enfadou. Seguen estando opostos a este tratado.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: 10 votos a favor, (PSOE e PP), e o portavoz do BNG non votou.

- 3- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á AXUDA HUMANITARIA PARA A RECONSTRUCCIÓN DOS CAMPAMENTOS DO SAHARA OCCIDENTAL DEVASTADOS POLAS CHOIVAS TORRENCIAIS.

SR. ALCALDE

No mes de outubro houbo uns problemas de inundacións, pero non so en Canarias, senón tamén no Sáhara, aínda que ninguén o sabe. Os que máis sofren, con diferenza, son os que viven neses campamentos, que perden todo o que teñen, que é nada. O máis triste é que sempre contaban o das inundacións en Canarias, pero a situación do Sáhara non se vía en ningún programa, aínda que foron cidadáns españois ata hai nada, e moitos teñen raíces aquí. Que se teñan esquecidos dende as institucións é moi grave, pero que haxa un silencio informativo cando hai unha catástrofe, xa é o remate.

Dende o Concello xa se axudou aportando a cantidade simbólica de 1.000,00€, e o que se quere con esta moción é amosar o apoio desta corporación ó completo, e seguir apoiando ó colectivo Solidaridade Galega co Pobo Saharai, como ata agora, e instar ó Goberno de España a que axude ó Sáhara Occidental dunha vez por todas, intentando resolver ese conflito histórico.

QUENDA DE INTERVENCIÓNS

PORTAVOZ BNG

Di que está totalmente de acordo, pero que o problema da situación en sí, é o recoñecemento da autodeterminación.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

- 4- MOCIÓN DO PSOE PARA SOLICITUDE DE TRAMITACIÓN XUSTA DOS EMIGRANTES RETORNADOS.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

- 5- MOCIÓN DO PSOE SOBRE A MARCHA ESTATAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.

Para pedir que se cree un xulgado especial contra a violencia machista, e que haxa un acompañamento xudicial cos denunciantes.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

- 6- MOCIÓN DO BNG PARA FACER UNHA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINÜÍSTICA.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

- 7- MOCIÓN DE URXENCIA DO BNG PARA CREAR UN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL, DE PROMOCIÓN DO EMPREGO DIGNO, PARA PARAR A EMIGRACIÓN XUVENÍL.

VOTACIÓN

Sometese a votación, co seguinte resultado: Aprobado por unanimidade.

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas e rogos do Partido Popular:

-Sobre a conferencia do naturista Josep Pamies, qué custe tivo para o concello (esta pregunta tamén a fixo o BNG).

A concelleira de Comercio e Turismo, Ana Luísa González resposta que esta conferencia foi proposta ao Concello pola Asociación de Hostalería, e que o único custe que tivo foron 60 euros, para gastos de desprazamento do naturista. Resposta que se atendeu a solicitude igual que se o fixera outro colectivo. Que independentemente das opinións formadas sobre o conferenciante, cada persoa é libre de asistir ou non, igual que cada persoa é libre de expresar as súas opinións.

Tamén tomou a palabra o alcalde, que falou, a nivel persoal, destacando que a sala estaba chea, que veu xente dende toda Galicia e que será ou non bo pero o certo é que a xente saía con unha importante inxección de moral.

-Arranxos parque da Bandeira, se están rematados

Si, realizáronse a través da subvencións para mellora de zonas dedicadas a mercados ambulantes e están rematadas.

-Castro do Cura de Cortegada: en qué quedou todo

-O alcalde resposta que houbo unha sanción económica de 500 euros, por non solicitar o permiso de afección á igrexa. As obras están a punto de acabarse e a senda peonil irá de formigón, en vez de zahorra como se prevía ao principio. Terá máis custe para o Concello, pero xa de facer as cousas facelas ben.

Preguntas e rogos BNG:

Ademais da pregunta de Pámies fixo varios rogos:

-**Limpeza de solares**, que se poña coto dende o Concello.

-O alcalde resposta que este é un dos quebradeiros de cabeza do goberno municipal, que hai expedientes abertos e que ao final non quedará outra que poñer sancións.

-Presenza de **lixo na Fervenza do Toxa**, non é tan difícil ir un día á semana dar unha volta

-O alcalde refírese ás complicacións para revisar a zona, pero di que se intentará reforzar a vixilancia para manter limpo este enclave.

-Por último **o concelleiro do BNG felicita ao Concello polo contrato con Bonafide**, para mellorar o cobro de tributos ás grandes compañías.

O alcalde advirte sobre isto que dende que as empresas son sabedoras deste contrato xa están enviando toda a documentación, e que os ingresos municipais por estas taxas que se lles cobras ás operadoras melloran ano tras ano.

En non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión por parte do señor alcalde, sendo as 15.27 horas. Sigue ANEXO.

ANEXO

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SELECTIVA DE ENVASES NO CONCELLO DE SILLEDA

I.- OBXECTO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

1.- E obxecto do contrato establecer a xestión do servizo público da recollida e transporte de residuos sólidos urbanos á estación de transferencia ou centro de eliminación, coa extensión, alcance e limitacións que se establecen nos artigos 8 e 251 a 265 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), neste prego e no de prescricións técnicas, do Concello de Silleda.

2.- Os servicios obxecto de contratación comprenden a xestión dos servicios sinalados e se prestan por concesión administrativa, mediante licitación con procedemento aberto con múltiples criterios de valoración (artigos 141 a 145 da LCSP).

3.- En canto o ámbito espacial e funcional dos servicios referidos nos precedentes apartados, estarase ó que ao respecto establécese no Prego de Condicións Técnicas.

4.- Esta licitación rexerá polo establecido neste Prego e no de Prescricións Técnicas, incluídos os seus correspondentes anexos, pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de prescricións Técnicas, prevalecerá o primeiro.

Sen prexuízo do anterior, o empresario quedará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral, seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo. O incumprimento destas obrigas por parte do contratista non implicará responsabilidade algunha para esta Administración.

II.- NORMAS DE APLICACIÓN

A efectos do réxime xurídico da presente concesión, deberánse ter en conta, entre outras, as disposicións legais ou regulamentarias que a continuación se especifican:

- Lei 7/85 de 18 de abril reguladora das bases de réxime local e Real decreto lexislativo 781/86 de 18 de abril.
- Lei 5/97 de 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) e RDL 3/2011 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xullo de 1955.
- Programa de acción medioambiental, Directiva 94/62/CEE de 20 de decembro da Unión Europea.
- Lei 11/97 de 24 de abril de envases e residuos de envases e seu regulamento de desenvolvemento e execución.
- Real Decreto 782/1998, de tritna de abril, de desenvolvemento e execución da lei anterior (11/97)
- Lei 1/95 de 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia.
- Lei 10/97 de 22 de agosto de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Lei 10/98 de 21 de abril de residuos.
- Ordenanzas municipais de protección de medio ambiente do Concello de Silleda.
- Plan Nacional de residuos urbanos do Ministerio de Medio Ambiente.
- R. D. 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP).
- Lei 31/95 de Seguridade e Hixiene no traballo e de prevención de riscos laborais e os seus regulamentos de execución.
- Calquera outra disposición legal aplicable.

III.- NATUREZA, PRERROGATIVAS E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1.- O presente contrato ten natureza administrativa e tipifícase como contrato de xestión de servizo público, modalidade de concesión. (artigos 251 a 265 da LCSP)

2.- O órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. (artigos 194 e 195 da LCSP).

3.- A orde xurisdiccional contenciosa administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que xurdan entre as partes, unha vez esgotada a vía administrativa; con expresa submisión ós Tribunais que correspondan por aplicación da competencia tanto subxectiva como territorial ao Concello de SILLEDA.

IV.- INSTALACIÓNS, MATERIAL MÓBIL E FERRAMENTAS

O material móbil e ferramentas que aporten os licitadores deberá estar en perfecto estado de uso, e ser de recente adquisición.

V.- PREZO DO CONTRATO

Para este concurso se fixa como tipo máximo de licitación en cómputo de 1 ano o de **210.000€ (douscentos dez mil euros)**, 17.500 € mensuais, IVE INCLUÍDO. Os licitadores presentaran un prezo por 4 anos polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e o seu transporte á planta de transferencia, incluíndo no mesmo tódolos impostos vixentes no momento da licitación.

VI.- FINANCIAMENTO

Existe crédito crédito adecuado e suficiente para financia-las obrigas derivadas do contrato con cargo á partida nº 162/22799.

VII.- REVISIÓN DE PREZOS

A revisión de prezos se levará a cabo mediante a fórmula aprobada polo Consello de Ministros, previo informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, para cada tipo de contratos (art. 78.1º, LCSP, hoxe 89,90,91 do Texto Refundido), e tal revisión só poderá ter lugar unha vez transcurrido o primeiro ano desde a formalización do contrato

- RDL 3/2011 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Artículo 90. Sistema de revisión de prezos.

1. Cuando resulte procedente, la revisión de prezos se llevará a cabo mediante la aplicación de índices oficiales o de la fórmula aprobada por el Consejo de Ministros, previo informe de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, para cada tipo de contratos.

VIII.- PAGAMENTO

O pago dos servizos prestados realizarase mediante o abono de certificacións mensuais vencidas correspondentes a duodécima parte do valor de adjudicación do servizo, sendo expedidas polo adjudicatario, e entregadas directamente no Concello que aboará, así mesmo, directamente o seu importe á empresa. Sobre dito importe aplicaranse, si procede, as correspondentes deducións polas sancións impostas. A tal fin consígnarase a cantidade necesaria no Presuposto Municipal.

IX.- PRAZO DO CONTRATO

1.- A duración do prazo contractual será de **CATRO ANOS** contado dende o día da sinatura do contrato.

2.- O prazo establecido poderá prorrogarse polo órgano competente polo período de 2 anos (DOUS ANOS).

X.- MEDIOS HUMANOS

1.- Os concursantes indicarán nas súas ofertas o número e categoría laboral das persoas que, no caso de resultar adxudicatarios, destinarán á prestación dos servizos obxecto do contrato e iso en concordancia co establecido no prego de condicións técnicas.

2.- Todo o persoal que execute as prestacións dependerá unicamente do contratista a todos os efectos, sen que entre este ou aquel e o concello exista vínculo ningún de dependencia laboral. O concesionario asumirá respecto ós traballadores as obrigas laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde laboral, así como no seu caso fiscais.

3.- O concesionario asumirá a subrogación do persoal laboral actualmente adscrito y que se relaciona en el anexo 1.1 del pliego de condiciones técnicas con expresión da categoría, antigüidade e retribución en todos os conceptos, coa excepción do persoal de dirección, á que se refire o RD 1382/1985 de 1 de agosto polo que se regula a relación laboral de carácter especial de dito persoal.

4.- O concesionario designará unha persoa responsable para a boa marcha dos traballos e o comportamento do persoal, facendo enlace cos correspondentes servizos municipais.

5.- O concesionario estará obrigado a presentar os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á seguridade social cando o solicite a administración.

XI.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Terán capacidade de contratar, as persoas físicas e xurídicas que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do mesmo, sempre que teñan plena capacidade de obrar, e non se atopen nalgunha das circunstancias que enumeran os artigos 43 e 49 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte)

XII.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non se exige.

XIII.- LICITADORES, DOCUMENTACIÓN E PROPOSICIÓN ECONÓMICA

1.- Empresas licitadoras.- Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que cumpran os requisitos establecidos na cláusula XI.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ao grupo, a efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, no seu caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando esta acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios de ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 de LCSP. Cada un dos empresarios que compoñan a agrupación, deberá acreditar os requisitos establecidos na cláusula XI, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a suscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato vai ostentar a plena representación de todos eles fronte á Administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 del RXLCAP). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas suporá a exclusión do procedemento de adxudicación, a tódolos efectos, das ofertas formuladas. Non obstante, si sobreviñera a vinculación antes de que conclúa o prazo de presentación de ofertas, poderá subsistir a oferta que determinen de común acordo as citadas empresas.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

2.- Documentación.- Os licitadores presentarán tres sobres pechados e asinados por el mesmo ou persoa que o represente, nos que se indicarán ademáis da razón social e denominación da entidade licitadora, que é para tomar parte no procedemento de contratación da Concesión Administrativa do Servizo Público de Recollida e Transporte de Residuos Sólidos Urbans do Concello de Silleda, e conterán: o primeiro (A) coa documentación esixida para tomar parte no concurso; o segundo (B) coa correspondente ás referencias técnicas; e o terceiro (C) a proposición económica axustada ao modelo seguinte:

“SOBRE A. DOCUMENTACIÓN (B. REFERENCIAS TÉCNICAS, C. OFERTA ECONÓMICA)

Proposición para tomar parte na contratación da Concesión Administrativa do Servizo Público de Recollida e Transporte de Residuos Sólidos Urbans do concello de Silleda, presentada por _____, teléfono _____, fax _____.

En _____ o ___ de _____ de 20__

2.1.- Documentación administrativa. Sobre A

En dito sobre deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas que se acreditará mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa extranxeira admite á

súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e con os entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma sustancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados asinantes do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, segundo dispón o artigo 44 de LCSP.

No suposto de concurrir un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou fotocopias debidamente autenticadas.

b) Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 49 da LCSP, que comprenderá expresamente a circunstancia de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. A proba desta circunstancia poderá facerse por calquera dos medios sinalados no artigo 62 da LCSP. Non obstante, os licitadores haberán de ter en conta, que no caso de resultar adjudicatarios provisionais, deberán acreditar as circunstancias anteriores mediante os certificados oportunos expedidos polo órgano competente, no prazo establecido no artigo 135.4 da LCSP.

c) Poder bastante a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixible polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

d) Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional mediante calquera dos medios establecidos nos artigos 64 e 67 da LCSP.

e) As empresas estranxeiras aportarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españoles en calquera orden, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran derivar do contrato, con renuncia, no seu caso, ao fuero xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

f) Unha relación de tódolos documentos incluídos neste sobre.

g) Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se encontren inscritos acompañando a correspondente certificación donde se recollan os extremos a que se refire o artigo 303 de LCSP, e en tal caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

No caso daquelas empresas que, con carácter voluntario, figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial de Pontevedra ou de outra Administración Pública, acompañarán unha copia do informe relativo ós datos inscritos ou a simple referencia o número de inscrición no Rexistro mencionado, e quedarán dispensadas de presentar os documentos referentes os apartados a) , b) e c) deste punto 2.1.

No caso de establecer garantía provisional, habería que xustificarse documentalmente neste sobre. É potestativo tal como establece o artigo 91 da LCSP, pero caso de esixila, non poderá ser superior ó 3 por cento do importe do contrato (IVE engadido)

Os documentos poderán presentarse orixinais ou mediante copias dos mesmos que teñan carácter de auténticas, conforme á lexislación vixente.

2.2.- Referencias técnicas. Sobre B

Conterá entre outros aqueles documentos que permitan á Mesa de Contratación a valoración dos criterios de adxudicación do mesmo.

Tamén presentarán un estudio que conteña tódolos datos de explotación do servizo.

2.3.- Proposición económica. Sobre C

Proposición económica formulada estritamente consonte ao modelo que se inserta a continuación:

“Don/Donacon domicilio en, provincia de, rúa....., núm....., teléfono e con NIF (ou documento que o substitúa legalmente)....., actuando en nome propio (ou en representación de....., DNI ou CIF núm. e con domicilio en, teléfono) toma parte no procedemento aberto con multiplicidade de criterios para a adxudicación da concesión administrativa do Servizo de Recollida e Transporte de Residuos Sólidos Urbanos no concello de _____, e a tales efectos fai constar:

1º. Que ofrece o seguinte precio:

A) Prezo sen IVE euros

B) Imposto sobre o valor engadido IVEeuros

C)TOTAL (A+B)EUROS.

2º. Que coñece e acepta cantas obrigas se derivan dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e do Prego de prescricións Técnicas do presente contrato.

3º. Que acompaña a documentación esixida nos Pregos anteditos.

4º. Que se compromete a efectuar o citado servizo nas condicións expostas nos pregos mencionados no apartado 2º.

En _____ o ____ de _____ de 20__

O LICITADOR

Asdo.: _____ “

Cada licitador no poderá presentar máis que unha soa proposición, calquera que sea o número de dependencias donde ésta poida ser presentada. Tampouco poderá suscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o ten feito individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención desta prohibición dará lugar automaticamente á desestimación de tódalas por él presentadas.

A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas suporá a exclusión do procedemento de adxudicación, a tódolos efectos, das ofertas formuladas. Non obstante, se sobreviñera a vinculación antes de que conclúa o prazo de presentación de ofertas, poderá subsistir a oferta que determinen de común acordo as citadas empresas.

2.4 Anuncio e perfil de contratante.

2.4.a) Contratos non suxetos a regulación armonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente Prego se anunciará no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 126 e 42 de la LCSP) e en un dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito optativo.

2.4.b) Contratos suxetos a regulación armonizada: De conformidade co disposto en los artículos 14 e 126.1 párrafo segundo da LCSP, o anuncio de licitación se publicará, ademais, no Boletín Oficial del Estado e Diario Oficial de la Unión Europea.

2.4.c). Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados podrán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no cadro de características do contrato, e de conformidade co disposto nos art. 42, 37, 125, 126, 135, 138, 175, 176, 181 e 309 de la LCSP

2.5) Proposicións: lugar e prazo de presentación.

2.5.A) Contratos non suxetos a regulación armonizada (Art.14 LCSP)

As proposicións para poder tomar parte na licitación se presentarán no lugar e prazo que se indican no cadro de características do contrato, dentro do prazo de os trece días naturais a contar do día seguinte ó de publicación do anuncio no BOP o perfil de contratante (art. 143.2 LCSP), en tres sobres pechados, que podrán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador o persoa que o represente, e coa documentación e requisitos exigidos no presente prego.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a fecha do anuncio no BOP e perfil de contratante, se contará a partir do día seguinte o da publicación do último anuncio.

XIV.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PONDERACIÓN DOS MESMOS

Os criterios que servirán de base para a avaliación das ofertas pola Mesa se efectuarán sobre un total de 100 puntos, subdivididos en 61 para a proposta económica e 39 para a técnica, adaptaranse ó baremo seguinte:

1. Proposta Económica. 61 Puntos. Para a valoración da oferta económica se procederá a puntuar entre 0 e 61 puntos a oferta máis vantajosa coa seguinte forma:

$$\text{Puntuación} = 61 \cdot \sqrt{A/B}$$
 (61 por raíz cuadrada de A dividido por B)

A: Importe da oferta mínima

B: Importe da oferta a valorar

2.- Proposta técnica: 39 puntos.

En este apartado se valorará a garantía de cobertura das necesidades e aseguramento da calidade conforme os apartados seguintes:

CONCEPTOS VALORABLES NA PROPOSTA TÉCNICA	PUNTOS (Ata 39)
Calidade do proxecto: programa de traballo proposto polo licitador, medios persoais a disposición do servizo, frecuencias recollidas, etc.	15 puntos
Experiencia na prestación de servizos de recollida noutros concellos. Se efectuará un prorrateo tomando como referencia as ofertas con maior e menor experiencia, mediante regra de tres.	5 puntos
Instalacións fixas. Os licitadores deberán demostrar a disposición de ditas imnstalacións para o contrato co Concello	5 puntos
Medios a disposición do Concello de Silleda. O licitador terá que aportar a relación de talleres e vehiculos que serán usados en caso de necesidade. Ditas instalacións e vehículos deberán estar ubicados nun radio máximo de 30 km. respecto a Silleda e deberá ser demostrado fehacientemente	14 puntos
TOTAL PUNTUACION TECNICA	39 PUNTOS

XV.- A MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación estará integrada do modo seguinte:

- O Alcalde ou o concelleiro en quen delegue, como Presidente.
- O Concelleiro de Medio Ambiente.
- O Concelleiro de medio rural.
- O Secretario da Corporación, quen á súa vez actuará como Secretario da Mesa.
- O Interventor da Corporación.
- . Secretario: o Tesoureiro Municipal.

A Mesa poderá pedir informes técnicos e asesoramentos de persoal cualificado na materia para que valoren/informen sobre os aspectos que se lle consulten refrentes as propostas dos licitadores.

XVI.- EXAME DAS PROPOSICIÓNS

A Mesa de Contratación calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre A). Aos efectos da expresada calificación, o presidente ordeará a apertura dos sobres, con exclusión do relativo á proposición económica, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a mesa detecta defectos materiais na

documentación presentada o comunicará aos interesados e concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador subsane o erro.

A Mesa, unha vez calificada a documentación á que se refiren os artigos 43 e seguintes da LCSP e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección das mesmas, á que fai referencia o artigo 11 do RXLCAP, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Aos efectos establecidos nos artigos 43 a 53 e 71 da LCSP, o órgano e a mesa de contratación poderán recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requerirle para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de cinco días sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas consonte ao disposto no artigo 83.6 del RXLCAP.

No acto público de apertura de proposicións feito no lugar, data e hora sinalados nos anuncios, a mesa de contratación notificará aos admitidos ou excluídos. Seguidamente procederá á apertura do sobre C) das proposicións admitidas que contén a proposta económica. A mesa valorará as proposicións dacordo cos criterios de valoración que se recollen por orden decrecente de importancia e ponderación na cláusula XIV ou no cadro anexo, e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación. A mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxecto do contrato.

XVII.- BAIXAS TEMERARIAS

En canto a baixa temerarias estarase ó disposto no artigo 136 LCSP e 85 do RXLCAP.

XVIII.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

A adxudicación definitiva será efectuada pola Xunta de Goberno Local, logo da proposta da Mesa de Contratación. O adxudicatario deberá aportar nun prazo de 15 días os documentos acreditativos de estar ao día coas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de ter constituído a garantía definitiva, conforme a lo estipulado na cláusula seguinte, e de ter pagados tódolos anuncios de licitación. Así mesmo, poderá esixirse motivadamente ó adxudicatario que acredite de novo a súa personalidade e capacidade para contratar.

Para xustificar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social deberá presentar orixinais ou copias auténticas dos seguintes documentos:

- Certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso, coa forma e cos efectos previstos nos artigos 13, 14, 15 e 16 do RXLCAP, acreditativas de estar ó día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Certificación expedida polo órgano competente da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, acreditativo de que non existen deudas de natureza tributaria con esta Administración.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
- Declaración xurada de non ter débedas coa corporación contratante.

Se no prazo anteriormente sinalado non se recibise esta documentación ou o licitador non xustificase que está ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Mesa de Contratación proporá como adxudicatario provisional ao licitador ou licitadores seguintes por orden das súas ofertas.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha Agrupación de Empresas, estas deberán acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato, e o NIF correspondente á agrupación.

XIX.- GARANTÍA DEFINITIVA

Publicada a adxudicación do contrato no perfil do contratante, o adxudicatario estará obrigado a constituir, no prazo de quince días hábiles unha fianza definitiva do cinco por cento do importe de adxudicación, IVE excluído. A garantía poderá constituirse en calquera das formas establecidas no artigo 84 da LCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP. De non cumprir este requisito por causas imputables ao adxudicatario, declararase resolto o contrato.

A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 88 LCSP. A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto no artigo 90 da LCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP.

XX.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

1.- A formalización do contrato efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación definitiva.

Cando por causas imputables ao contratista, non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, poderase resolver o mesmo con perda da fianza e indemnización dos danos e perdas ocasionados, podéndose adxudicar ao licitador ou licitadores seguintes a aquél, por orden das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

2.- Os dereitos e obrigas procedentes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP.

3.- A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 e 265 da LCSP, así como o pago a subcontratistas e suministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

4.- Formando parte integrante do documento en que se formalice o contrato unirase un exemplar deste prego de cláusulas administrativas e outro do prego de prescricións técnicas, que serán asinados polo adxudicatario.

XXI.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a pagar tódolos seguintes gastos:

- a) De publicación de anuncios de licitación e adxudicación, así como de formalización do contrato en documento notarial se así o requirira o concesionario e de inscrición da concesión en calquera rexistro público.
- b) Toda clase de impostos, contribucións, taxas e en xeral tributos que xenere este contrato, ben sexan estatais, autonómicos ou locais.

XXI.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES CONTRATANTES

1.- O concesionario está obrigado ó cumprimento das obrigas que con carácter xeral establece o regulamento de servizos da corporacións locais do 17 de xuño de 1955 e demais disposicións legais ou regulamentarias que especificamente resulten aplicables ó obxecto da concesión. Así mesmo está suxeito as ordes e instrución da Alcaldía ou concelleiro delegado, relativas ó servizo.

2.- Correspóndelle o concesionario en especial o cumprimento das obrigas que de seguido se recollen:

- a) Executa-los traballos na forma, tempo e condicións establecidas no prego de condicións técnicas.
- b) Cumpri-las disposicións laborais, de Seguridade Social, de seguridade e saúde laboral respecto o seu persoal. A tal efecto está obrigado a presentar os xustificantes de tales obrigas cada vez que se lle solicite.
- c) Indemniza-los danos e perdas que se causen a terceiras persoas nos termos previstos no artigo 198 da LCSP, conforme o previsto no apartado letra c) do artigo 256 e demais disposicións concordantes.
A estes efectos deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil en contía mínima de 1.000.000 euros por sinistro e 150.000 por persoa para cubri-las contingencias que poidan derivarse da execución do presente contrato.
- d) Responder de danos e perdas que se orixinen en razón do contrato á administración con motivo da execución do servizo, con cargo á garantía definitiva ou en caso de insuficiencia o constrinximento sobre o patrimonio. Neste caso a garantía definitiva terá que ser repostada.
- e) A dotación e mantemento en correctas condicións de uso do material necesario e sempre de acordo co proposto polo adxudicatario para a prestación do servizo en especial os vehículos e ferramentas.
- f) Cumpri-lo contrato conforme ás obrigas establecidas no prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.
- g) Responsabilizarse da falta de aseo, decoro, uniformidade, descortesía e maltrato que o persoal ó seu servizo observe con respecto os cidadáns.
- h) Responsabilizarse de que os traballos se executen sen producir rúidos excesivos durante a prestación dos servizos e os traslados ós centros de traballo.
- i) Calquera outros que estean legal ou regulamentariamente recoñecidos ou figuren con tal carácter no prego de cláusulas administrativas ou de condicións técnicas obxecto deste contrato.

3.- Son dereitos do concesionario:

- a) Percibir o prezo do contrato na contía, tempo e forma establecidos neste prego.
- b) Obter a compensación económica para manter o equilibrio financeiro da concesión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 258 da LCSP.
- c) Utilizar os bens de dominio público necesarios para prestación do servizo.

XXIII.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións que cometa o concesionario poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de faltas MOI GRAVES as seguintes:

- a) A cesión, subcontrato ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen cumprir os condicionamentos establecidos na cláusula XX.
- b) A acumulación de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.
- c) O incumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.

- d) A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó concesionario, por un prazo que exceda de 48 horas salvo nos supostos de folga no imputables o contratista.
- e) A resistencia reiterada ós requirimentos efectuados pola Administración mediante resolución expresa, cando produza un prexuízo grave á execución do contrato respecto de prestacións esenciais.
- f) A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas do contratista cando produzan un prexuízo grave na execución do contrato.
- g) A prestación dos servizos notoriamente deficiente, irregular ou incompleta que cause perigo para a saúde pública, incomodidade ou prexuízo grave ós cidadáns, salvo que figure tipificada especificamente noutro apartado.
- h) A modificación na prestación do servizo sen previa autorización municipal.

Terán a consideración de faltas GRAVES as seguintes:

- a) A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen riscos para a saúde.
- b) A resistencia ós requirimentos efectuados pola Administración, ou a súa inobservancia.
- c) A utilización de sistemas de traballo diferentes ós previstos no proxecto, nos pregos e na oferta do contratista, no seu caso.
- d) A non utilización polo persoal de dispositivos reflectantes en horario nocturno ou diúrno se neste último caso as circunstancias meteorolóxicas así o esixen.
- e) A utilización de vehículo que traballe sen luces ou outros dispositivos de seguridade previstos na súa homologación.
- f) Manipular os colectores de forma que poida provocar o seu deterioro e non depositalos nos lugares axeitados e en condicións que eviten o seu desprazamento.
- g) A acumulación de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.
- h) Omisión do deber de comunicar situacións contrarias ó bo estado da recollida, cando sexan relevantes.
- i) Non cumprir, agás previa autorización do Concello, o itinerario, as datas ou o horario previstos para a recollida.
- k) A non recollida inxustificada dalgún contedor.
- l) A falta de limpeza reiterada de contedores.
- m) A falta de mantemento de vehículos, maquinaria e ferramentas.

Terán a consideración de faltas LEVES as seguintes:

- a) A falta de aseo ou uniforme regulamentario do persoal ó servizo do concesionario.
- b) A mera interrupción ou imperfección na prestación dalgún servizo.
- c) O atraso inxustificado de comezo dos servizos cando este requisito sexa esixible.
- d) A falta de respecto ó público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais e axentes da autoridade.
- e) Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación do mesmo.
- f) Outros incumprimentos de normas específicas previstas nos pregos e que non constitúen infracción doutra natureza.

Sancións:

- Faltas LEVES: multa de ata 300,51 euros.
- Faltas GRAVES: multa de contía comprendida entre 300,51 euros e 1.000 euros.
- Faltas MOI GRAVES: multa de contía comprendida entre 1.000 euros e 3.000 euros.

As contías das sancións entenderanse actualizadas en función da variación do IGC para o conxunto do estado publicado polo INE ou organismo que o substitúa.

Tanto o importe das multas como os das responsabilidades administrativas poderanse esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar, en caso de incumprimento na prestación do servizo.

As sancións imponse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ó concesionario.

A resolución do expediente sancionador corresponderá o órgano competente do Concello cando se trate de faltas graves ou moi graves e ós Alcaldes cando se trate de faltas leves.

XXIV.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do contrato.

- a) O transcurso do prazo concesional.
- b) As previstas con carácter xeral no artigo 206 da LCSP, e con carácter específico o artigo 262 e concordantes de aplicación á xestión de servizos públicos.
- c) Tamén rexerán como causas de resolución as previstas no artigo 127 e concordantes do Regulamento de servizos das corporacións locais.
- d) A comisión das faltas moi graves sinaladas nas letras a) b) c) e g).

NOTA: se manteñen as referencias nos artigos que se citan a Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), aínda que o RDL 3/2011 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público supoña algún cambio na numeración dos mesmos.

SILLEDA Novembro de 2015.

O ALCALDE. Manuel Cuiña Fernandez.

Diante mín: o Secretario



